



ILUSTRE COLEGIO PROVINCIAL DE
ABOGADOS DE LA CORUÑA
1760 - 2010



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

XÉNERO E VERDADE XUDICIAL: VIOLENCIA SEXUAL E MÁXIMAS DE EXPERIENCIA

Género y verdad judicial: violencia sexual y
máximas de experiencia

Gender and judicial truth: sexual violence and
maximums of experience

Traballo de Fin de Mestrado para o Mestrado Univerisitario en
Avogacía.

Curso 2021/2022

Autora: Amara García Adán
Titor: Xulio Ferreiro Baamonde

RESUMO

A violencia sexual é un tipo de violencia estrutural que afecta ás nosas comunidades. Este tipo de violencia non responde ao apetito sexual dos agresores, senón a un determinado estereotipo de entendemento da sexualidade. A pesares de ser un tipo de violencia cada vez máis tipificada e sancionada, segue habendo estereotipos e prexuízos que a configuran e inflúen no seu tratamento ante os Tribunais. Este traballo pretende ser un pretexto para formular un debate sobre a necesidade da incorporación da perspectiva de xénero no Dereito e, en concreto, nos procedementos penais por delitos de violencia sexual. Vaise destacar como a través das máximas de experiencia poden agromar prexuízos que aínda existen en torno á sexualidade das mulleres e nenas sendo preciso identificalos para poder neutralizalos. Para levar a cabo este obxectivo, tómanse de referencia algúns dos protocolos que existen en América Latina para cuestionar a neutralidade das normas e aplicar a perspectiva de xénero na valoración probatoria.

Palabras chave: violencia sexual, delitos contra a liberdade e indemnidades sexuais, perspectiva de xénero, valoración probatoria e máximas de experiencia.

RESUMEN

La violencia sexual es un tipo de violencia estructural que afecta a nuestras comunidades. Este tipo de violencia no responde al apetito sexual de los agresores, sino a un determinado estereotipo de entendimiento de la sexualidad. A pesar de ser un tipo de violencia cada vez más tipificada y sancionada, sigue habiendo estereotipos y perjuicios que la configuran e influyen en su tratamiento ante los Tribunales. Este trabajo pretende ser un pretexto para formular un debate sobre la necesidad de la incorporación de la perspectiva de género en el Derecho y, en concreto, en los procedimientos penales por delitos de violencia sexual. Se va a destacar como a través de las máximas de experiencia pueden brotar perjuicios que aún existen en torno a la sexualidad de las mujeres y niñas siendo necesario identificarlos para poder neutralizarlos. Para llevar a cabo este objetivo, se toman de referencia algunos de los protocolos que existen en América Latina para cuestionar la neutralidad de las normas y aplicar la perspectiva de género en la valoración probatoria.

Palabras clave: violencia sexual, delitos contra la libertad e indemnidades sexuales, perspectiva de género, valoración probatoria y máximas de experiencia

ABSTRACT

Sexual violence is a type of structural violence that affects to our communities. This type of violence doesn't answer to the sexual appetite of the aggressors, but to a determinate stereotype of understanding sexuality. In spite of being a type of violence that is being increasingly regulated and sanctioned, it still have stereotypes and prejudices that configure sexual violence and influence in his treatment in front of the Courts. This work pretends to be a pretext to formulate a debate on the need of the incorporation of the perspective of gender in the Law and, in concrete, in the penal procedures by crimes of sexual violence. It goes to stand out as through the maximum of experience can emerge stereotypes that still exist around the sexuality of women and girls being necessary to identify them to be able to neutralise them. To carry out this aim, we take as reference some of the protocols that exist in Latin America to question the neutrality of the norms and apply the perspective of gender in the evidential assessment.

Keywords: sexual violence, crimes against sexual freedom, gender perspective, evidential and maximum assessment of experience

ÍNDICE

RESUMO.....	2
ABREVIATURAS	5
LIMIAR.....	6
1. A IMPORTANCIA DE XULGAR CON PRESPECTIVA DE XÉNERO	11
1.1 Igualdade como dereito fundamental.....	11
1.2 O androcentrismo no Dereito, repensar a universalidade.....	13
2. REGULACIÓN DOS DELITOS DE VIOLENCIA SEXUAL NO CÓDIGO PENAL ESPAÑOL.....	16
2.1 Das agresións sexuais.....	16
2.2 Dos abusos sexuais.....	17
2.3 Dos abusos e agresións sexuais a menores de dezaseis anos.....	18
2.4 Do acoso sexual.....	20
2.5 Dos delitos de exhibicionismo e provocación sexual.....	21
2.6 Dos delitos relativos á prostitución e a explotación sexual e corrupción de menores.....	21
3. MARCO NORMATIVO E ESTÁNDARES INTERNACIONAIS DE DEREITOS HUMANOS SOBRE VIOLENCIA SEXUAL.....	23
3.1 Normativa internacional.....	23
3.2 Normativa estatal.....	26
3.3 Normativa galega.....	28
4. XÉNERO E VERDADE.....	30
4.1 A verdade xudicial, unha construción da verdade.....	30
4.2 Procedemento probatorio, valoración da proba e perspectiva de xénero.....	32
4.3 Libre valoración da proba. Máximas de experiencia e ventás para os prexuízos.....	35
5. VALORACIÓN DA PROBA E VIOLENCIA SEXUAL.....	37
5.1 Sentenza do Tribunal Supremo 828/2021 (Sala do Penal, Sección 1ª), de 29 de outubro.....	38
5.2 Identificar os prexuízos e neutralizalos.....	43
6. CONCLUSIÓNS.....	48
7. BIBLIOGRAFÍA	51

ABREVIATURAS

AP	Audiencia Provincial
Art.	Artigo
Arts.	Artigos
BOE	Boletín Oficial do Estado
CE	Constitución Española
CP	Código Penal
CXPX	Consello Xeral do Poder Xudicial
FX	Fundamento Xurídico
INE	Instituto Nacional de Estatística
LACRIM	Lei de Axuizamento Criminal
LEVD	Lei do Estatuto da Vítima do Delito
LOMPICVG	Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral Contra a Violencia de Xénero
ONU	Organización das Nacións Unidas
p./ pp.	Páxina/ Páxinas
STC	Sentenza Tribunal Constitucional
STS	Sentenza Tribunal Supremo
STSX	Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza
TS	Tribunal Supremo
TSX	Tribunal Superior de Xustiza

LIMIAR

A violencia sexual é unha das manifestacións de violencia contra as mulleres polo feito de selo. Este tipo de violencia, estivo sempre ligada a unha moralidade patriarcal que, ata non hai tanto, era configurada como un atentado contra a honra do varón do que a muller dependía. A Organización Mundial da Saúde (OMS), define violencia sexual como: *“todo acto sexual, a tentativa de consumir un acto sexual, os comentarios ou insinuacións sexuais non desexados, ou as accións para comercializar ou utilizar de calquera outro modo a sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra persoa, independentemente da relación desta coa vítima, en calquera ámbito, incluídos o fogar e o lugar de traballo”* (OMS, 2013: 2).

Afirma o maxistrado Lousada Arochena (2020: 64) que sen unha análise de xénero, a violencia sexual é unha conducta lícita e incluso socialmente aceptada como unha forma ordinaria de achegamento sexual. A violencia sexual -ben sexan agresións sexuais, violacións grupais ou torturas sexuais- é unha forma de violencia sistémica que mulleres e nenas sofren tanto en espazos públicos como privados, en relacións afectivas ou non, en situacións de máxima exclusión social, nas guerras (que se emprega como forma de control do inimigo), nas redes sociais, en internet, etc (Tardón Recio, 2017: 88).

As agresións sexuais e o maltrato destrúen persoas e comunidades. Arruinan vidas, proxectos, organizacións, manteñen un clima de medo e opresión e revelan as desagradables contradicións entre os nosos ideais e as nosas prácticas reais. É por tanto lícito afirmar que as agresións ou a violencia sexual son algo político. Daquela, non é unicamente un dano individual ocasionado por unha persoa (habitualmente home) a outra (habitualmente muller). É unha ferramenta primaria de función do patriarcado (CrimenthInc., 2020: 20) que exerce a violencia sexual como a expresión máis primaria da violencia (Jericó Ojer, 2019: 305) exercida contra as mulleres polo feito de seren mulleres. Ferramenta que responde á estrutura de poder patriarcal de dominación sobre estas.

Este tipo de violencia non responde ao apetito sexual dos agresores, senón a un determinado estereotipo¹ de entendemento da sexualidade do home como cazador

¹Entenderemos por estereotipo a visión xeneralizada ou preconcepción sobre os atributos ou características dos membros dun grupo en particular ou sobre os roles que tales membros deben cumprir

(suxeito activo) e da muller como presa (suxeito pasivo), sendo unha manifestación dunha estrutura de dominación (Lousada Arochena, 2020: 64).

Despois de realizar unha serie de entrevistas a homes condenados por violación no seu estudo sobre *As estruturas elementais da violencia*, Rita Segato (2003: 41) ilustra que a violación é un acto inintelixible, percibido *a posteriori* como irracional. Forma parte da exacción do feminino no ciclo confirmatorio da masculinidade, sendo unha violencia expresiva. É dicir, unha violencia que ten un fin emocionalmente satisfactorio en si mesmo. Así, cando comparamos a violencia sexual con outros delitos, comprobamos que carece da dimensión instrumental propia destes. O roubo é motivado polo desexo de apropiarse dos bens da vítima. O homicidio, pola súa banda, pode orixinarse no desexo de vinganza, no medo, para defenderse dunha posible acusación ou delación, ou nun encargo a cambio de cartos (Segato, 2003: 42).

Estes delitos de violencia sexual ou que poderíamos chamar de violencia patriarcal, teñen unha serie de particularidades que non teñen outros. En concreto, prodúcense en contextos de submisión, de sentimentos de ambivalencia na vítima, a posibilidade de existir unha relación afectiva e con frecuencia os feitos teñen lugar en espazos ocultos e clandestinos, sen espectadores, o que minimiza en gran medida a formación de acervo probatorio (Araya Novoa, 2020: 38).

Anteriormente afirmamos porque a violencia sexual é un tipo de violencia que reproduce unha estrutura de dominación do masculino sobre o feminino. Para poder facernos unha idea máis clara, imos mostrar mediante gráficos como os delitos de violencia sexual son cometidos na súa gran maioría por varóns.

Imos dar paso a analizar uns gráficos² con datos extraídos da páxina do Instituto Nacional de Estatística (en diante INE) que versan sobre as condenas por delitos sexuais segundo o sexo.


Nos gráficos que observamos a continuación, podemos apreciar o número de persoas condenadas por delitos de violencia sexual no Estado español entre os anos 2017 e 2020, ambos inclusive. As barras de cor azul representan as condenas do sexo

(por exemplo, o que se espera das mulleres ou dos homes). Os estereotipos presumen que todas as persoas que forman parte dun certo grupo social posúen atributos ou características determinadas. Presúmese que unha persoa, polo mero feito de pertencer a un grupo, actuará de conformidade coa visión xeralizada que existe sobre ese grupo concreto (Fernández Rodríguez de Liévana, 2015: 501).

² Gráficos de elaboración propia

masculino mentres que as barras de cor laranxa as condenas do sexo feminino. Entre os delitos que recolle o INE atópanse varios tipos de violencia patriarcal. Dentro das agresións sexuais, gráfico 1, recóllense as agresións sexuais como tipo básico do delito (gráfico 2) e as violacións como tipo agravado (gráfico 3). Podemos apreciar que en 2017 e 2020 son delitos no que un 99% das condenas son impostas a homes; en 2018 nun 98% e, en 2019, son un 100% das condenas correspondentes ao sexo masculino.

Se analizamos tamén o resto dos gráficos, observamos como os abusos sexuais (gráfico 4), os abusos e agresións a menores de 16 anos (gráfico 5), o acoso sexual (gráfico 6) e o exhibicionismo e provocación sexual (gráfico 7) as persoas condenadas en todos os casos e en todos os anos analizados as condenas son como mínimo nun 98% a homes.



As porcentaxes refírense ao total de condenas a homes fronte a mulleres, para cada delito e ano. A altura das barras refírense ao total de condenados para cada delito, para ambos xéneros. Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE)

Podemos afirmar que é un delito cometido na súa inmensa maioría por homes contra mulleres e que incluso o número de persoas adultas condenadas por delitos

sexuais aumentou un 11,4% (INE, 2020:1) Certo é que se observamos a criminalidade xeral, os varóns delinquen con moita máis frecuencia que as mulleres. Tomando de referencia o ano 2019, por ser anterior aos confinamentos derivados da pandemia, vemos que dun total de 286.931 persoas adultas condenadas, 227.722 foron a homes fronte a 59.209 condenas impostas a mulleres Porén, resulta interesante analizar que isto responda a un factor de xénero, de diferentes motivacións e de disparidade nos delitos cometidos (INE, 2020: 1).

Alcale Sánchez fai un estudo sobre *O xénero como factor condicionante da victimización e da criminalidade feminina* no que estuda os factores que levan ás mulleres a delinquir. Nos últimos anos, a criminalidade feminina sufriu un aumento, aínda que segue sendo notablemente inferior á dos homes. Esta autora defende que é como consecuencia dun aumento do papel feminino na sociedade e na familia que pasou de ser un membro ao que protexer a ser o membro protector (Alcale Sánchez, 2017: 6).

Ademais, as mulleres traballan en sectores menos recoñecidos socialmente – e peor remunerados- sendo tamén empregos dos que é sinxelo renunciar en época de crise. En consecuencia, nace unha criminalidade feminina consubstancial á pobreza feminina, de carácter funcional e con causas estruturais destinada na súa maioría á obtención de recursos para sacar a diante as súas familias (Alcale Sánchez, 2017: 6 e Jericó Ojer, 2019: 290). Entre os delitos máis cometidos polas mulleres atópanse, de maior a menor número de condenas, os delitos de tráfico de drogas, delitos contra patrimonio, homicidios e lesións (Alcale Sánchez, 2017: 8). Os delitos contra a liberdade sexual supoñen un número residual nos delitos cometidos por mulleres, como queda reflexado nos devanditos gráficos.

Por outra banda, cando esta mesma autora estuda as tipoloxías de delitos polo que os homes están privados de liberdade observa que hai un cambio en canto ás preferencias delituosas. Os delitos máis cometidos, por orde, son os delitos contra o patrimonio; en segundo lugar os delitos contra a saúde pública; en terceiro lugar os delitos de violencia sobre a muller e, despois dos homicidios, son os delitos contra a liberdade sexual.

Como vemos, as razóns que determinan o tipo de delitos cometidos son diferentes. Afirma Alcale Sánchez (2017: 12) que da lectura dos datos estudados pode extraerse que a criminalidade feminina obedece a causas estruturais mentres que a

criminalidade masculina non obedece a causas estruturais “masculinas” e dependen doutros factores. Vimos anteriormente como Rita Segato estudaba que a violencia sexual non responde a unha dimensión instrumental e que ten un fin emocionalmente satisfactorio en si mesmo, respondendo a unha mostra de poder de dominación dos homes sobre as mulleres.

É sabido, como Susan Estrich demostrou no seu traballo sobre a violación, que a pesares de que esta está penalizada as ideas dos xuíces, fiscais e avogados sobre o que constitúe unha violación, sobre como se proba e sobre as actitudes que deben ter as mulleres, levan á despenalización das violacións cometidas por coñecidos e das violacións que se cometen nas citas entre dúas persoas (Jaramillo, 2000: 122).

A intención deste traballo é querer afondar na solución ao problema da violencia sexual na función punitiva do Estado. En consecuencia, imos analizar a importancia que ten xulgar con perspectiva de xénero, ver como se tipifican os delitos de violencia sexual no Código Penal español e tamén como se recolle a nivel internacional, estatal e autonómico. Deseguido, pasamos a cuestionar a neutralidade das máximas de experiencia e como poden ser un mecanismo para que agromen prexuízos sen ser percibidos. Finalmente, expoñeranse as conclusións ás que chegamos para poder mellorar a Administración de Xustiza no tratamento da violencia sexual.

1. A IMPORTANCIA DE XULGAR CON PRESPECTIVA DE XÉNERO

1.1 Igualdade como dereito fundamental.

Segundo o visto no apartado anterior podemos configurar a violencia sexual coma un tipo de violencia patriarcal. Polo tanto, esta é unha grande traba para alcanzar o dereito fundamental á igualdade que se consagra no artigo 14 da Constitución española.

Ao abeiro do artigo 14 da CE, a igualdade formúlase como un principio informador do Ordenamento xurídico. Isto implica que debe observarse na interpretación e aplicación das normas xurídicas. Este dereito fundamental na vertente da igualdade efectiva entre mulleres e homes goza de dous contidos. Un contido esencial que se manifesta como a prohibición de toda discriminación directa ou indirecta e outro contido promocional que se asimila ao principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (Lousada Arochena, 2014: 63).

O primeiro ten unha vertente prohibitiva e atribúe aos seus titulares a facultade de esixir a terceiros un non facer. O segundo, ao ser unha vertente non prohibitiva, responde a unha estrutura promocional, o que pode obrigar a un dar ou a un facer (Lousada Arochena, 2014: 64). Ademais, os primeiros teñen unha eficacia tanto vertical coma horizontal xa que se poden esixir tanto aos Poderes Públicos como entre particulares. Por outra banda, os de contido promocional (de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes) precisan da intermediación lexislativa e teñen na súa maioría unha eficacia vertical (Lousada Arochena, 2014: 65).

Ao englobarse dentro deste dereito fundamental a igualdade entre xéneros, é un dereito no que poden seguir existindo prexuízos. É por tanto preciso formular un debate serio e maduro para chegar a adoptar unha perspectiva de xénero no Dereito que cumpra co mandato de igualdade formal e material. Incluso como Carol Pateman (1995) postula que un sistema legal por si só non vai garantir a igualdade e o benestar das mulleres, senón que vai ser preciso tamén un movemento de aspiración ética. Definindo a sensibilidade ética como a sensibilidade cara a outra persoa, cara o alleo.

Introducir esta perspectiva supón avanzar nese senso. O Estado español ratificouna en 2014 a través do artigo 4 do Convenio de Istambul (Martínez García, 2021: 221). Nel recóllese a obriga de *“adoptar as medidas lexislativas ou de outro tipo necesarias para promover e protexer o dereito de todas as persoas, en particular das mulleres, a*

vivir a salvo da violencia tanto no ámbito público como no ámbito privado". Posteriormente debullaremos un pouco máis polo miúdo o que supuxo este Convenio en materia de violencia sexual.

Para facer realmente eficaz o dereito á igualdade non é suficiente contar con leis efectivas, senón que se fai preciso incorporar pautas de interpretación na dimensión do xénero para garantir os dereitos das persoas que se atopan nunha posición de subordinación (Abogacía Española, 2017: 7).

A perspectiva de xénero ten que ser entendida como o desenvolvemento dos dereitos humanos no plano da igualdade entre todas as persoas. Este enfoque pon énfase no cuestionamento crítico sobre a neutralidade que se asume nas normas do Ordenamento Xurídico. É dicir, unha norma en principio neutra pode interpretarse e aplicarse de forma non neutral (Ramírez Ortiz, 2019: 113).

A suposta universalidade desde os novos enfoques postpositivistas³ é un enfoque falaz xa que a universalidade do suxeito cognoscente non é tal. Esa universalidade respondía a determinadas características de xénero, sexo, clase, orixe, etc –varón cisheterosexual, propietario, branco non indíxena, sen ningún tipo de diversidade funcional- de maneira que se ocultou a existencia doutros suxeitos epistémicos que ao non responden a ese patrón supostamente universal quedaron asimilados ao modelo dominante (González Arias, 2017: 5).

É dicir, temos que ser conscientes e partir da base de que o sexismo, o racismo, o clasismo, o capaticismo, o heteronormativismo, e as chamadas fobias (homofobia, transfobia, xenofobia, etc), son fenómenos endémicos a nosa sociedade e que non existe un Dereito que sexa alleo a eles (Barrère Unzueta, 2021: 20). O que produce unha reprodución de estereotipos e prexuízos tanto nos textos positivos como dentro dos procesos xudiciais.

³ Seguindo ao profesor Atienza, o postpositivismo ou constitucionalismo é unha teoría xurídica que afirma que o positivismo xa non é suficiente cando existen as constitucións. Defende que o Dereito non é unha realidade dada e o observa como unha práctica *en proceso de*, algo que se está facendo continuamente. Ademais, engade Alexy, incorpora unha pretensión de corrección (Almanza Torres, 2018: 41, 42). Esta pretensión de corrección impón un obxectivismo moral, partindo dun suxeito universal.

1.2 O androcentrismo no Dereito, repensar a universalidade.

Despois de afirmar que o Dereito é androcéntrico e que esa suposta universalidade que se asume é falaz, precisamos ir máis alá. Por que se cuestiona a neutralidade das leis? Porque ningún discurso humano é neutral. En concreto o dereito penal xurdiu ligado ao concepto de propiedade. Nos seus inicios, ese concepto tiña aparelado ás mulleres, considerándoas historicamente como un prolongamento máis da propiedade do home (Balaguer, 2005: 157). O dereito penal serve de control social e, no que respecta ás mulleres, supuxo un agravio na súa liberdade en condición de individuos. A súa protección estivo máis achegada a unha esixencia de tutela pola súa inferioridade, similar á situación das persoas coa capacidade de obrar modificada xudicialmente ou á das menores de idade.

A maiores, nos delitos derivados da integridade física e moral é onde hai máis distancia entre xénero e dereito (Balaguer, 2005: 157). A subordinación sexual das mulleres é evidente nos primeiros códigos xurídicos, servindo de fundamento para a depreciación destas (Adán, 2018: 94).

Para darlle unha explicación ás anteriores afirmacións, poderíamos coller de referencia a Frances Olsen no seu escrito *El sexo del derecho*. Olsen recolle que desde que xorde o pensamento liberal clásico, incluso tal vez desde os dualismos de Platón, o pensamento humano divídese en dualismos opostos: racional/irracional, activo/pasivo, pensamento/sentimento, razón/emoción, cultura/natureza, poder/sensibilidade, obxectivo/subxectivo, abstracto/concreto, universal/particular. Estes dualismos están sexualizados e, ademais, xerarquizados (Olsen, 1990: 2).

A primeira metade está identificada co xénero masculino mentres que a segunda está identificada co feminino, subordinada á primeira. Con todo, o dereito identifícase co dualismo masculino sendo este racional, activo, abstracto, universal e obxectivo (Olsen, 1990: 3). Partindo desta clasificación, podemos establecer que a propia neutralidade e obxectividade das leis chega a prexudicar ás mulleres. Isto é así xa que, se a obxectividade coincide coa universalidade do masculino, daqueles que pensaron as normas, non deixa de ser a súa subxectividade (Balaguer, 2005: 174).

Por todo isto, a introdución da perspectiva de xénero na interpretación e aplicación das normas supón unha ferramenta holística da que poder valernos para mellorar a Administración de Xustiza. Así mesmo, é precisa para evitar que os

prexuízos que perviven nas concepcións máis profundas da sociedade agromen sen ser percibidos.

No comunicado da ONU de 9 de decembro de 2021, *Los tribunales españoles deben proteger a los niños y niñas de la violencia y abusos sexuales, dicen los expertos de la ONU*, a relatora experta das Nacións Unidas sobre a violencia contra a muller, as súas causas e consecuencias, Reem Alsalem, mostra xunto con outras sete persoas expertas a súa preocupación polo nesgo discriminatorio contra as mulleres na xustiza do Estado español, o que provoca unha menor credibilidade nos seus testemuños (Naciones Unidas, 2021).

É importante resaltar que perspectiva de xénero non supón unha vulneración do art. 24.2 da CE⁴. É dicir, non supón unha vulneración da presunción de inocencia nin rebaixar o estándar da proba, senón que aporta ferramentas para entender os feitos e valorar as probas.

Abrir o debate á introducir esta perspectiva é preciso para repensar a universalidade do Dereito que mencionamos en parágrafos anteriores e dar resposta ás realidades que non se identifican con el. En concreto en canto o xénero, proporcionáanos a posibilidade de construír epistemoloxías feministas en reacción ao positivismo androcéntrico que excluíu os saberes e modos de coñecer das mulleres (Nicolás Lazo, 2009:40).

Por positivismo androcéntrico temos que entender todo o corpo e estrutura xurídica que colleu de referencia ao home branco de clase media/alta como suxeito universal, como centro e medida da realidade do que deducimos a xeralidade. Este é un fenómeno que tivo lugar en todos os campos do saber incluíndo as ciencias empíricas (que, por exemplo, intentaron demostrar a inferioridade biolóxica da muller durante séculos).

A partires desa medida analízase a realidade cunha única perspectiva, o que reforza a súa subordinación e perpetúa as xerarquías sociais ao non terse en conta outras realidades, experiencias e formas de coñecemento.

⁴ *Así mesmo, todos teñen dereito ao Xuíz ordinario predeterminado pola lei, á defensa e á asistencia de letrado, a ser informados da acusación formulada contra eles, a un proceso público sen dilacións indebidas e con todas as garantías, a utilizar os medios de proba pertinentes para a súa defensa, a non declarar contra si mesmos, a non confesarse culpables e á presunción de inocencia*

Podemos afirmar que os estudos feministas xogaron un papel relevante na produción de coñecemento ao introducir como categoría analítica o xénero. Axudando deste xeito a identificar que realmente os postulados científicos tradicionais que se consideraban como naturais respondían a procesos sociais (González Arias, 2018: 6).

Como historicamente o dereito configurou as mulleres coma unha prolongación da propiedade do home (Balaguer, 2005: 157), producíronse unha serie de estereotipos e prexuízos que poden chegar a reproducirse inconscientemente a día de hoxe. Xulgar con perspectiva de xénero significa identificar aqueles estereotipos de xénero que se reproducen nos propios procedementos xudiciais e neutralizalos para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria. Para seguir avanzando, imos ver como o Código Penal español define os delitos de violencia sexual e como se recollen nos textos internacionais, estatais e galegos.

2. REGULACIÓN DOS DELITOS DE VIOLENCIA SEXUAL NO CÓDIGO PENAL ESPAÑOL

Este apartado responde á necesidade de definir o concepto xurídico de violencia sexual. Para interpretar as experiencias, os conceptos son importantes. Estes son os que estruturan o pensamento e razoamento, xa que logo, son tamén unha parte determinante do razoamento xurídico. Sen conceptos claros non se pode legislar con precisión. De aí que sexa fundamental determinar que é o delito, quen é a vítima e incluso, como ocorre na violencia de xénero, cales son as condicións estruturais da sociedade que permiten que se reproduza. Na actualidade, o Código Penal español, L.O. 10/1995, de 23 de novembro, dedica o Título VIII do Libro II aos delitos de violencia sexual coa rúbrica de “delitos contra a liberdade e indemnidades sexuais”, no que se inclúen sete capítulos que de seguido procedemos a expoñer.

2.1 Das agresións sexuais.

O Capítulo Primeiro dedícallo ás agresións sexuais reguladas entre os artigos 178 e 180 CP. Este tipo delituoso conságrase coma un delito de actividade e non de resultado. O tipo básico, *ex. art. 178 CP*, contempla de xeito xenérico os delitos contra a liberdade sexual con violencia ou intimidación, con pena de prisión entre un a cinco anos.

Como tipo agravado aparece recollida a violación que é aquela modalidade delituosa que se produce cando a agresión sexual consiste en acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal ou introducindo obxectos por algunha das dúas primeiras vías. O responsable será castigado como reo de violación cunha pena de prisión de seis a doce anos (*ex. art. 179 CP*).

No artigo 180 CP recóllense os tipos especialmente agravados, cando conorra algunha das circunstancias expostas. Por exemplo, cando a violencia ou intimidación exercidas revistan un carácter particularmente degradante ou vexatorio; cando os feitos se cometan pola actuación conxunta de dúas ou máis persoas; ou cando, para a execución do delito, a persoa responsable se prevaleza dunha situación de convivencia, dunha relación de superioridade ou parentesco; entre outras.

A xurisprudencia entende por violencia un acontecemento, coacción ou imposición material, empregando calquera medio físico para obrigar a vontade da

vítima (STS 1145/1998, de 7 de outubro e STS núm. 409/2000, de 13 de marzo). E, por intimidación a ameaza dun mal, sen ser imprescindible que sexa inmediato, bastando que sexa grave, futuro e verosímil (STS 12/2016, de 21 de xaneiro).

Tamén resulta destacable como a xurisprudencia recoñece expresamente que non se adquire ningún dereito sobre a muller polo feito de ter mantido relación sexuais consentidas con ela con anterioridade (STS 737/2007, e 13 de setembro). Este delito pode, en consecuencia, ter lugar entre dúas persoas nunha relación sentimental.

2.2 Dos abusos sexuais.

No Capítulo Segundo, o Código Penal recolle entre os artigos 181 e 182 CP aqueles supostos nos que a liberdade sexual da vítima está limitada pero non anulada como se entende nos devanditos delitos de agresión sexual. Este tipo penal é un delito doloso no que a xurisprudencia utiliza o ánimo libidinoso como demostrativo do mesmo. Así o interpretou a STS 1118/1999, de 9 de xullo que tamén fai fincapé en que quen realiza accións sexuais sobre a outra persoa sen o seu consentimento ou con consentimento ineficaz, xa sabe todo o que require o dolo e xa se da o contido criminal necesario.

No tipo básico atopamos os abusos sexuais sen violencia ou intimidación e sen que medie consentimento coa pena de prisión de un a tres anos ou multa de dezaoto a vinte e catro meses (*ex.* art. 181.1 CP). Nos seguintes parágrafos recóllese como se executan os abusos sexuais non consentidos: cando se executan sobre persoas privadas de sentido ou se abuse da súa saúde mental (art. 181.2 CP); anulando a vontade da vítima con fármacos, drogas ou calquera substancia; con prevalecemento (art. 181.3 CP). Ademais, no seguinte artigo 182.1 CP, atopamos que tamén se comete abuso sexual se o autor engana ou abusa da súa posición cunha persoa maior de dezaseis anos pero menos de dezaoto.

O tipo agravado atopamos de abuso sexual consiste no acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal ou a introdución de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas primeiras vías (arts. 181.4 e 182.2 CP).

En último lugar, como circunstancias específicas de agravación aparece que a vítima sexa especialmente vulnerable ou nos casos nos que o responsable se prevaleza

dunha relación de superioridade ou de parentesco (arts. 181.5 e 182.2 CP). En canto ao prevaecemento, a xurisprudencia do TS establece que se han de cumprir tres requisitos: i) a situación de superioridade debe ser obxectivamente apreciable por un terceiro, é dicir, manifesta; ii) que esta situación inflúa coartando a liberdade da vítima e; iii) o autor debe ser consciente da situación de superioridade e dos seus efectos inhibidores sobre a decisión da vítima e aproveitarse desa situación (STS 711/2015, 19 de novembro).

2.3 Dos abusos e agresións sexuais a menores de dezaseis anos.

O seguinte capítulo, Capítulo Segundo bis, introdúcese no Código punitivo coa reforma da L.O. 5/2010, de 22 de xuño, en transposición da Decisión Marco 2004/68/JAI do Consello, de 22 de decembro de 2003, relativa á loita contra a explotación sexual de nenas e nenos e a pornografía infantil.

Ata 2015, o suxeito pasivo deste tipo de delitos eran menores de trece anos ata que, coa reforma que introduciu a L.O. 1/2015, de 30 de marzo, aumentouse a idade ata os dezaseis. Esta reforma atendeu aos compromisos internacionais da Directiva 2011/93/UE, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual das e dos menores e a pornografía infantil, que obrigaba aos Estados membros a endurecer as sancións penais nesta materia (Preámbulo X da L.O. 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica a L.O. 10/1995, de 23 de novembro do Código Penal). Con esta reforma, o lexislador protexe especialmente a formación e desenvolvemento da libre personalidade e sexualidade da persoa menor. Establecéndose deste xeito unha presunción de falta de capacidade das menores de dezaseis anos para consentir relacións sexuais.

O artigo 183.1 do CP, castiga a modalidade típica de abuso sexual a menor cunha pena de prisión de dous a seis anos. Para a agresión sexual, castiga para aquel que use violencia ou intimidación a penas de entre cinco e dez anos de cadea (*ex art.* 183.2 CP). No seguinte apartado, art. 183.3 CP, recóllese a modalidade agravada dos delitos de abuso e agresión sexuais. Entre as circunstancias específicas de agravación contéplase o desenvolvemento intelectual ou físico do suxeito pasivo que o puxera nunha situación de total indefensión e en todo caso, cando sexa menor de catorce anos.

As demais circunstancias específicas xa as contemplan os outros tipos de agresións e abusos sexuais.

Por outra banda, no art. 183 bis CP penalízanse dúas condutas diferentes. En primeiro lugar, penalízase que o suxeito activo determine a unha persoa menor de dezaseis anos a participar nun comportamento de natureza sexual, ou lle faga presenciar actos de carácter sexual aínda que o autor non participe deles. En segundo lugar, agrávase a pena se o que se obrigara a presenciar foran abusos sexuais.

Neste capítulo tamén se inclúen os delitos de acoso sexual a menores de dezaseis anos. Entre eles atópanse o chamado *child grooming*, recollido no art. 183 ter CP. Este delito caracterízase por realizar un achegamento a menores con fins sexuais a través de medios tecnolóxicos. No seu tipo agravado recóllese que será cando o achegamento se obteña mediante coacción, intimidación ou engano. A xurisprudencia do TS entende que esta modalidade delituosa é un tipo penal mixto acumulativo que precisa pluralidade de actos: contacto por medio tecnolóxico, proposición dun encontro e actos materiais que teñan como fin o achegamento (STS 97/2015, de 24 de febreiro).

No segundo apartado do art. 183 ter CP recóllese o delito denominado *sexting* que consiste en enganar a menores para que faciliten ao suxeito activo material pornográfico, tanto dese menor coma de outros. Non esixe que se cheguen a facilitar dito contido senón que é suficiente con que o suxeito activo realice as accións tendentes a conseguir dito material.

Por último, neste Capítulo Segundo bis aparece unha cláusula de exclusión da responsabilidade, art. 183 quarter CP. Como vimos, nestes delitos de carácter sexual con menos de dezaseis anos non media o consentimento da persoa menor. Deste xeito, coa mera realización de actos de carácter sexual cunha persoa menor de dezaseis será considerada, en todo caso, como un feito delituoso. O lexislador considera que unha persoa menor desa idade non está en condicións de prestar un libre consentimento na esfera sexual.

A devandita cláusula de exclusión á que nos referimos exclúe a responsabilidade cando o autor sexa unha persoa próxima ao menor por idade e grao de desenvolvemento ou madurez física e psicolóxica. A reforma que introduciu a L.O. 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia, introduce que esta

cláusula de exclusión da responsabilidade non poderá ser aplicada en ningún caso no delito previsto no art. 183.2 CP –relativo a agresións sexuais a menores de dezaseis anos-. Máis adiante, analizaremos con máis profundidade a interpretación desta cláusula.

2.4 Do acoso sexual.

O Capítulo Terceiro regula nun único artigo o delito de acoso sexual dedicándolle o art. 184 CP. No tipo básico do delito castígase como autor de acoso sexual a quen solicitase favores de natureza sexual, para si mesmo ou para terceiro, no ámbito dunha relación laboral, docente ou de prestación de servizos e que con tal comportamento provoque na vítima unha situación obxectiva e gravemente intimidatoria, hostil ou humillante. Segundo a xurisprudencia do TS, este tipo penal protexe o dereito a desenvolver unha actividade, dentro dese ámbito no que debe suceder, sen risco para a súa intimidade e liberdade. Así mesmo a solicitude de favores de carácter sexual non ten que ser necesariamente verbalizada, bastando que se exteriorice de xeito que o entenda a persoa destinataria e o rexeite. En consecuencia, a consumación do delito prodúcese desde a súa formulación (STS 349/2012, de 26 de abril).

No artigo 184.2 CP regúlase o tipo agravado que se aplicaría no caso de que o acoso sexual se cometese prevalecéndose dunha situación de superioridade laboral, docente ou xerárquica, ou co anuncio expreso ou tácito de causar á vítima un mal relacionado coas lexítimas expectativas que poida ter no ámbito da indicada relación. Neste caso, o suxeito activo aproveita a súa relación de superioridade co suxeito pasivo podendo valerse de intimidacións ou ameazas. O tipo especialmente agravado está recollido no art. 184.3 CP. Este dáse cando a vítima é especialmente vulnerable por razón de idade, enfermidade ou situación.

No acoso sexual existe un tipo especial que non está regulado dentro deste Capítulo. Aparece recollido no Título XIX do Libro II, Capítulo IX, dentro dos Delitos contra a Administración Pública. Sanciónase a aquelas autoridades ou funcionarios públicos que realicen un requirimento directo de atención sexuais para resolver, evacuar informe ou elevar a consulta das pretensión do suxeito pasivo. Neste artigo tamén se

sanciona ao funcionario de Institucións Penitenciarias ou de centros de menores que solicite pretensión sexuais a unha persoa suxeita a súa garda.

2.5 Dos delitos de exhibicionismo e provocación sexual.

O Capítulo IV, sanciona ao que execute actos de exhibición obscena ante menores de idade ou persoas necesitadas de especial protección (*ex.* art. 185 CP) e a quen por calquera medio directo, venda, difunda ou exhiba material pornográfico entre menores de idade ou persoas necesitadas de especial protección (art. 186 CP). Ambos delitos, entende a xurisprudencia, son delitos contra a indemnidade sexual entendida como o dereito de menores e persoas con discapacidade a non verse involucradas nun contexto sexual, co risco que isto pode supoñer para a formación e desenvolvemento da súa personalidade e sexualidade (STS 608/2016, de 7 de xullo).

2.6 Dos delitos relativos á prostitución e a explotación sexual e corrupción de menores.

Neste Capítulo V, no artigo 187 CP regúlase a prostitución de maiores de idade. Este artigo presenta dúas conductas típicas diferentes, constituíndo dous tipos autónomos. En primeiro lugar recóllese a conduta de determinar a unha persoa maior de idade e exercer a prostitución ou a manterse nela empregando violencia, intimidación ou engano. Tamén daquel que abuse dunha situación de superioridade, de necesidade ou de vulnerabilidade da vítima. En segundo lugar o precepto tamén castiga a conduta do que se lucre explotando a prostitución doutra persoa, incluso co consentimento da mesma, o que é chamado de proxenetismo.

A STS 680/2016, de 26 de xullo, entende que a prostitución non é un estado ou condición subxectiva, senón un exercicio (independentemente de que normalmente se produza de forma reiterada). Recolle tamén que o tipo unicamente require a determinación coactiva a exercer a prostitución ou manterse nela. Isto implica a prestación de servizos sexuais a cambio dunha contraprestación económica, susceptible de avaliación económica. Así, cando se exercite baixo coacción, integrará o tipo do artigo 187.1 CP, á marxe de que a vítima o realice voluntariamente.

O tipo agravado aplicarase cando o culpable se prevalecera da súa condición de autoridade, axente ou funcionario público; cando pertenza a unha organización ou grupo criminal e cando se puxera en perigo a vida ou saúde da vítima de forma dolosa ou imprudente. Tamén prevé como agravante quen solicite, acepte ou obteña a cambio dunha remuneración ou promesa, unha relación sexual cunha persoa menor de idade ou persoa necesitada de especial protección agravándose máis a pena en caso de ser menor de dezaseis anos.

No artigo 188 CP, prevese a sanción no seu tipo básico a quen induza, promova, favoreza, explote ou facilite a prostitución dun menor de idade ou persoa con discapacidade necesitada de especial protección, ou se lucre con iso. No tipo agravado, pódense observar as do artigo anterior, incluíndo que a acción se realizase pola actuación conxunta de dúas ou máis persoas.

Ao abeiro do artigo 189 CP, sanciónase unha serie de condutas consideradas como tanto a captación e a utilización de menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial atención para fins ou espectáculos exhibicionistas ou pornográficos. Tamén sanciona a produción, venda, distribución, exhibición de material pornográfico infantil, dando unha definición de que se entende por este termo. Así mesmo, tamén se sanciona a quen asista a espectáculos exhibicionistas ou pornográficos sabendo que participan menores de idade ou persoas con discapacidade necesitadas de especial atención (*ex. art. 189.4 CP*). O seguinte parágrafo tamén sanciona a quen adquira ou posúa pornografía infantil, tanto en medios físicos como tecnolóxicos (*art. 189.5 CP*). Por último, sanciona a quen tivese baixo a súa potestade, tutela, garda ou acollemento a unha persoa menor de idade ou con discapacidade e que con coñecemento da súa situación de corrupción ou prostitución non faga o posible por impedir a súa continuación (*art. 189.6 CP*).

3. MARCO NORMATIVO E ESTÁNDARES INTERNACIONAIS DE DEREITOS HUMANOS SOBRE VIOLENCIA SEXUAL

3.1 Normativa internacional.

Toda a tipificación penal que acabamos de repasar é debedora dunha evolución do concepto de violencia machista ou de xénero e do concepto de violencia sexual. Este recoñecemento é froito da loita das mulleres para que as súas experiencias fosen escoitadas e recollidas. Para entender como se configurou o tratamento da violencia sobre as mulleres en xeral e sobre a violencia sexual en concreto na lexislación, é preciso facer unha revisión aos diferentes textos internacionais onde están recollidas ditas materias.

En 1975 celébrase a Primeira Conferencia Mundial de Mulleres na Cidade de México na que se incluíron un amplo abanico de directrices para mellorar a vida das mulleres en todo o planeta, alentando aos Estados a crear organismos de igualdade. Como resultado, no Estado español, creouse o Instituto da Muller en 1983 –que dependeu do Ministerio de Cultura ata 2004 e na actualidade do Ministerio de Igualdade–.

Posteriormente en 1979 a Asemblea Xeral de Nacións Unidas adoptou a Convención sobre a Eliminación de todas as formas de Discriminación contra a Muller, coñecida como CEDAW polas súas siglas en inglés (*Committee on the Elimination of Discrimination against Women*). Este instrumento define a discriminación contra a muller no seu artigo primeiro coma “*toda distinción, exclusión ou restrición baseada no sexo que teña por obxecto ou resultado menoscabar ou anular o recoñecemento, goce ou exercicio pola muller, independentemente do seu estado civil, sobre a base da igualdade do home e a muller, dos dereitos humanos e liberdades fundamentais nas esferas política, económica, social, cultural e civil ou en calquera outra esfera*”.

Así mesmo, no seu artigo 5 entende e obriga a que os Estados Partes tomen as medidas apropiadas para “*modificar os patróns socioculturais de conducta de homes e mulleres, con miras a alcanzar a eliminación dos prexuízos e as prácticas consuetudinarias e de calquera outra índole que estean baseados na idea de inferioridade ou superioridade de calquera dos sexos ou en funcións estereotipadas dos*

homes e as mulleres". Por tanto, o axuízamento con perspectiva de xénero toma neste texto internacional o seu fundamento positivo (Lousada Arochena, 2020: 100).

Na Recomendación Xeral nº19 de 1992 da CEDAW, recoñécese que esta discriminación é con base ao xénero a pesares de seguir utilizando o termo sexo, que viu de ser actualizada pola Recomendación Xeral nº 35 de 2017. Ademais esta última recomendación, ao abeiro dos arts. 2 d) e f) e 5 a), establece que no plano xudicial todos os órganos xudiciais en causas relativas a denuncias de violencia por razón de xénero contra a muller sexan imparciais, xustos e non se vexan afectados por estereotipos de xénero ou por unha interpretación discriminatoria das disposicións xurídicas.

En 1985 en Nairobi, na III Conferencia Mundial para o exame e a avaliación dos logros do decenio das Nacións Unidas para a Muller proclámase que a violencia contra as mulleres supón un impedimento para a paz.

Case unha década despois, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas en 1993 aprobou unha declaración que supón unha peza clave, a Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller. Neste texto recoñécese por primeira vez que a violencia contra as mulleres responde a unha historia de relacións de poder desiguais e de subordinación das mesmas ao varón.

Como consecuencia da terceira onda do feminismo⁵ na década dos anos 90, a Declaración de Beijing que xorde na IV Conferencia Mundial sobre a muller de 1995 recolle a distinción entre sexo e xénero, comezando a facerse referencia á violencia de xénero. Neste instrumento internacional faise referencia na medida 232 d) do obxectivo estratéxico I.2 a que os Estados deberán, entre outras cousas, eliminar o nesgo de xénero na Administración de Xustiza (Rueda Soriano, 2018: 15).

Continuando cos textos internacionais, o primeiro tratado con carácter vinculante no ámbito europeo foi o Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e a loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, coñecido como Convenio de Istambul, aprobado en 2011 e ratificado polo Estado español en 2014.

⁵ Esta onda do feminismo pulou polo uso dos termos de xénero como un constructo social. Asimesmo, naceu tamén o feminismo interseccional que recoñece e defende que existen múltiples eixos de discriminación entrecruzados. Pon o foco nas diferentes experiencias e necesidades das mulleres, que tamén poden ser obxecto de discriminación por raza, orixe étnica, relixión ou crenza, saúde, estatudes, idade, clase, orientación sexual e identidade de xénero. Entre as súas autoras poderíamos destacar a Angela Davis, Judith Butler, Kate Millett ou Kimberlé Williams Crenshaw.

Este tratado reconece por primeira vez de xeito explícito a violencia sexual como un tipo de violencia contra as mulleres e, en consecuencia, coma unha violación dos dereitos humanos. Nel defínese no artigo 3.a o que debe ser entendido por violencia contra as mulleres: *“deberase entender unha violación dos dereitos humanos e unha forma de discriminación contra as mulleres, e designará todos os actos de violencia baseados no xénero que implican ou poden implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual ou psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar ditos actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, na vida pública ou privada”*. Neste artigo, desvincúlase a violencia sobre as mulleres do ámbito da parella ou ex-parella, dándolle un enfoque de discriminación por razón de xénero como unha mostra de poder de dominación patriarcal.

Dentro do Convenio de Istambul cómpre destacar que se define a violencia sobre as mulleres cun factor de xénero e non de sexo. Ademais, desvincula a violencia de xénero do ámbito afectivo. Así o asumiu o Estado español no seu Pacto de Estado contra a Violencia de xénero no seu eixo oitavo, ao reconecer *“a visualización e atención das formas de violencia de xénero fóra do contexto de parella ou ex parella. Prestarase especial atención á violencia sexual, á trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, á mutilación xenital feminina e aos matrimonios forzados”* (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad, 2017).

No devandito Convenio tamén se insta aos Estados parte, ao abeiro do artigo 25, a tomar as medidas necesarias para crear centros de axuda de emerxencia para as vítimas de violacións e de violencias sexuais, apropiados, facilmente accesibles e en número suficiente para a realización de recoñecementos médicos e forenses, así como darlles apoio psicolóxico.

En materia de proba, o Convenio de Istambul establece no artigo 54 que aquelas relativas aos antecedentes sexuais e ao comportamento da vítima non poden ser admitidas agás que no caso concreto sexa pertinente e necesario (Rueda Soriano, 2018: 14). Este punto resulta interesante para que máis adiante analicemos un dos estereotipos de xénero que frecuentan nas sentenzas en materia de violencia sexual, como se verá cun exemplo práctico.

A continuación faremos fincapé nunhas das eivas importantes da regulación española contra a violencia de xénero, que a limita ao ámbito de parella ou ex-parella. A

día de hoxe, no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aparece recollida esta necesidade de ampliar a violencia de xénero a todos os tipos de violencia que se exercen contras as mulleres polo feito de selo (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad, 2017).

3.2 Normativa estatal

Vista a regulación no Código Penal, cabe facer unha análise doutras normas que rexen a nivel estatal. Entre elas destaca a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, sendo o Estado español pioneiro na elaboración dunha lei nesta materia. Foi a primeira vez a que lexislación española adoptou o concepto xurídico de violencia de xénero. Isto levo consigo a adopción duns principios que recoñecían a desigualdade de xénero como causa elemental da violencia (Torrado Tardío, 2013: 169).

Esta lei de grande importancia no momento, presenta a eiva -a pesar de recoñecer que a violencia de xénero é resultado das relacións de poder dos homes sobre as mulleres- de cercala ao ámbito da parella ou ex-parella (art. 1 LOMPICVG), quedando fóra todas as violencias sexuais que non están dentro deste marco.

Moitos son os debates que formulou esta lei e que non son obxecto do presente traballo. Porén, debemos ter en conta que xa pasaron dezaioito anos desde a súa promulgación e que naquel momento supuxo un forte avance para a eliminación dunha catástrofe social que se levaba décadas reivindicando e que cada día era máis evidente. A día de hoxe, e incluíndo o que se establece no Convenio de Istanbul, no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, aparece recollida esta necesidade de ampliar a violencia de xénero a todos os tipos de violencia que se exercen contras as mulleres polo feito de selo.

Seguindo a orde cronolóxica, cómpre destacar a Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. No seu artigo 4 establece baixo a rúbrica de integración do principio de igualdade na interpretación e aplicación das normas, que a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres é un principio informador do ordenamento xurídico e, como tal, integrárase e observárase na

interpretación e aplicación das normas xurídicas. Este principio informador ten un alcance práctico que conecta coa teoría dos dereitos fundamentais e coa teoría feminista do dereito (Lousada Arochena, 2014).

Consecuentemente, na orde penal debe terse en conta a perspectiva de xénero coma un principio informador para interpretar e aplicar as leis penais. Para que o Estado, na súa vertente punitiva, cumpra a tarefa de protección dos intereses esenciais das persoas nunha sociedade diversa e plural; o que conleva que esta perspectiva se vincule necesariamente coa función de protección da lei substantiva penal e procesual (Subijana Zunzunegui, 2018: 28).

Seguindo no ámbito estatal, parece interesante apuntar á Lei 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da Vítima do Delito (en diante LEVD). É interesante xa que consolida a reivindicación de diferentes sectores doutriniais de darlle protagonismo ás vítimas de delitos dentro do proceso. Superando así o desamparo xudicial, económico e social no que se atopaban (Gabari Gámez, 2017: 65). No artigo 3 da LEVD, recoñécese como un dos obxectivos do proceso penal a satisfacción das necesidades de atención, asistencia e protección das vítimas (Subijana Zunzunegui, 2018: 30). Ademais, supuxo tamén unha homoxeneización na normativa reguladora das oficinas de asistencia a vítima. Estas teñen por obxecto, ou deben ter por obxecto, prestar atención dun modo integral ás necesidades das persoas que sufriron algún tipo de delito para defender os seus dereitos. É dicir, prestar unha asistencia coordinada e conectada en todo momento entorno a tres eixos: o xurídico, o social e o psicolóxico, atendendo as súas necesidades (Ferreiro Baamonde, 2005: 218).

Todo isto cobra grande importancia nos delitos de violencia patriarcal por ser un tipo de delitos especialmente traumáticos para quen os sofre. Este dereito asistencial e de información xa o recollía a Lei 35/1995, de 11 de novembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual. A lei 35/1995, facía mención expresa á necesidade de creación destas oficinas posibilitando a súa xestión autonómica ou local no seu artigo 16 (Ferreiro Baamonde, 2005: 217). Posteriormente, tamén o recolleu a devandita L.O. 1/2004, de 28 de decembro, no seu art. 18.

Como novidade, en marzo do pasado ano 2021 o Consello de Ministros aprobou o orzamento da proposta do Ministerio de Igualdade para a creación de centros denominados “centros de crise”, para a atención de vítimas de violencia sexual. Esta

necesidade xa se contemplaba, como vimos, no Convenio de Istambul. Xa que logo, supón un avance do Estado español no cumprimento das súas obrigas internacionais. Estes espazos, aínda en creación, estarán habilitados en 2023 como moi tarde, segundo o Goberno estatal. Neste xaneiro do ano 2022, o Consello Xeral do Poder Xudicial emitiu o comunicado de prensa *El Observatorio reclama reformar la ley para que los delitos sexuales fura de la pareja sean violencia de género, de acuerdo con el Convenio de Istambul*, no que reclama unha reforma da devandita L.O. 1/2004 de Medidas de Protección Integral para considerar violencia sobre a muller os supostos que teñan lugar fóra do ámbito da parella ou ex parella e seguir de forma máis efectiva e profunda a violencia sexual. Reclama, ademais, unha formación específica en violencia sexual sobre persoas menores de idade debido á gran indecencia da violencia sexual sobre estas (CGPJ, 2022).

3.3 Normativa galega

No ámbito galego, foi pioneira a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Esta lei xorde dun proceso colectivo de diferentes mesas de debate para saber a situación e as necesidades concretas (Adán, 2021: 38). Diciamos que foi pioneira porque, xa en 2007, da unha ampla definición de violencia de xénero desligándoa do ámbito afectivo da parella ou ex-parella, incluso os casos de violencia sexual Posteriormente, como xa vimos, en 2011 a Unión Europea asumía isto a través do Convenio de Istambul (Adán, 2021: 39).

Outra das innovacións que incluíu esta lei foron as diferentes formas de acreditación da situación de violencia. A diferenza da L.O. 1/2004, non se precisa unha denuncia previa para poder acceder a axudas e recursos. É dicir, faculta aos servizos sociais para poder acreditar esa situación e que non se de o paradoxo de que unha muller que está en situación de violencia e que precise de acompañamento psicolóxico para denunciar non poida acceder a el xustamente por non ter denunciado. Tamén cabe destacar que esta lei puxo a súa atención nas mulleres rurais e a necesidade de telas en conta para as campañas de concienciación e a implantación de servizos (Adán, 2021: 42).

Por último, destacar ao respecto da lei galega a importancia que lle da no seu artigo 15 á formación en igualdade de todas e todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia machista, e en especial das e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais, dos educativos, das Forzas e Corpos de Seguridade e das operadoras e operadores xurídicos.

Como vimos ata agora, o recoñecemento da violencia sexual como unha forma de violencia contra as mulleres foi collendo forza ao longo dos anos. Plasmouse nos textos positivos a necesidade de eliminar os estereotipos de xénero en todos os organismos e de prestar asistencia ás vítimas.

Porén, a día de hoxe, os estereotipos negativos seguen estando presentes á hora de xulgar os delitos de violencia sexual. Por este motivo é preciso analizar que ocorre no proceso penal en xeral e, en concreto, na valoración probatoria. Xa que logo, pasamos a ver como o Dereito constrúe verdades que poden estar influenciadas por estereotipos e prexuizos. Tamén veremos como estes se introducen na valoración probatoria e nas sentenzas analizando dúas decisións xudiciais en materia de violencia sexual.

4. XÉNERO E VERDADE

4.1 A verdade xudicial, unha construción da verdade

A xuíza Garbiñe Biurrun (2021) afirma que o Dereito constrúe verdades. Constrúeas para que a sociedade comprenda a convivencia, aínda que as veces poida chegar a ser en prexuízo da “verdade verdadeira”. Expresándoo doutra forma, o dereito crea certezas (coñecementos seguros e claros) e verdades (conformidade das cousas polo concepto que temos delas) para garantir a convivencia, empregando diferentes mecanismos que por exemplo, poden ser as presuncións ou os procesos xudiciais.

Como se constrúen as verdades xudiciais? Constrúense a través dos procedementos xudiciais. Estes son o enfrontamento entre verdades diferentes, entre as verdades das partes que interveñen. O proceso penal non determina o que realmente ocorreu, xa que iso só o saben as persoas alí presentes e, aínda así, dependerá do vidro co que observen.

O que se determina nos procedementos xudiciais é o que lle resulta máis verosímil a ese Tribunal en concreto en función da proba practicada no acto de xuízo oral. Unha vez que esa sentenza se eleve a firme, esa verdade xudicial vaise transformar en, como dicía Jorge Luis Borges, unha verdade histórica. É dicir, unha verdade indubidable, unha verdade que crea precedentes para seguir interpretando o mundo e a convivencia -agás determinados feitos posteriores e excepcións previstas na lei- (Biurrun Mancisidor, 2021).

Nesta construción de verdades, que é o importante? O que importa é a interpretación das leis, das probas e a súa valoración. O exercicio xudicial non é posible facelo unicamente a través da razón a pesares de todo o coñecemento xurídico e técnico (Biurrun Mancisidor, 2021), xa que é un exercicio feito por seres humanos atravesados por discursos que nunca son neutrais. Así mesmo o xeito no que se interpretan determinadas accións vai depender da visión ou das experiencias que teña o xulgador.

Esta idea é importante para entender que a valoración da proba e o razoamento probatorio non se realizan nun contexto totalmente aséptico, senón que o entendemento dunha acción ou a valoración dun medio de proba vai ser diferente en función da época e do contexto. En concreto na violencia sexual, que sempre estivo ligada a unha forte moralidade e non sempre se considerou un delito por parte do agresor, tivo diferentes

formas de entenderse. A filósofa Linda Alcoff, ilustra no seu achegamento fenomenolóxico á violación que *“os conceptos que empregamos para a violencia sexual varían non só diacrónicamente- dunha xeración a outra-, senón tamén sincrónicamente; é dicir dunha cultura e sociedade a outra”* (Alcoff, 2019: 30). De feito, a historia da violación vai da man das diferentes representacións de feminidade, así como das diversas ordes e costumes sociais das épocas históricas.

O concepto de violación ao longo da historia tivo diferentes formas de entenderse, mais sempre partindo da subordinación feminina aos varóns, neste caso concreto de tipo sexual. Grazas ás estruturas de poder patriarcais, esta subordinación consolidouse no Dereito desde os primeiros ordenamentos xurídicos, convertendo en materia xurídica pública a actividade sexual feminina (García Picazo, 2016: 57).

Nas diferentes etapas históricas, o ben xurídico tutelado foi moi dispar. Non soamente por como entende o Dereito o que hoxe chamamos violación, senón tamén polas circunstancias políticas e sociais de cada época que supoñen diferentes principios morais e sexuais propios do momento histórico (Rodríguez Ortiz, 1997: 35). Isto incita a pensar que pode chegar a haber momentos históricos nos que haxa condutas rexeitadas polo Dereito pero que non son tan rexeitadas pola sociedade o que vai ter consecuencias no seu grao de esixencia ou na penalización da súa infracción (Balaguer, 2005: 158).

A violencia sexual foi tipificada coma un delito contra a honestidade ata 1989 que por primeira vez cando foi considerado como un delito contra a liberdade sexual (coa L.O. 3/1989, de 21 de xuño, de actualización do Código Penal). Isto conleva que, durante séculos fórase creando un imaxinario sobre a sexualidade, tanto feminina como masculina que non é axeitada. Non resulta desatinado afirmar que existen nescos heteropatriarcais e machistas que impregnan toda a sociedade, incluíndo por tanto o proceso xudicial.

Aínda que a perspectiva de xénero debe introducirse en todas as fases tanto previas como posteriores do proceso para neutralizar os nescos de xénero, imos centrar o obxecto de estudo na valoración da proba. É por iso que deseguido imos ver en que consiste o procedemento probatorio e como se pode ver influenciado polos prexuizos en xeral e, en concreto, polos prexuizos de xénero.

4.2 Procedemento probatorio, valoración da proba e perspectiva de xénero

Tendo en conta o anteriormente referido, de que a verdade é unha construción e que pode estar atravesada polo entendemento das propias vivencias tanto a nivel individual como colectivo, neste apartado, consideramos facer especial fincapé na valoración da proba. Xa que en ocasións, baixo o lema de pescudar a verdade, o Estado exerce violencia institucional (Renaud, 2021: 75).

No proceso penal as partes introducen os feitos mediante os seus escritos de cualificación e a través deles delimitase o tema da proba ou *thema probandi*. Así mesmo, deben propoñer (arts. 656, 657 e 728 Lei de Axuizamento Criminal, en diante LACrim) e executar a proba, formulando preguntas ás persoas acusadas, a testemuñas e peritos (arts. 708.1º e 724 LACrim) (Pérez-Cruz Martín, 2020: 488). Ademais, o Tribunal está obrigado a descubrir a verdade procesual e ten obriga de resolver en todo caso (prohibición de *non liquet*).

Con respecto ao procedemento probatorio, podemos destacar ter fases: a fase de proposición, a de admisión e a de práctica da proba. En primeiro lugar, as partes e o Ministerio Fiscal deben manifestar nos seus escritos de cualificación as probas das que intenten valerse (art. 656 LACrim). No caso do procedemento abreviado, ademais, se o medio de proba pode ser practicado no acto de xuízo oral, pode ser proposto no mesmo acto decidindo o xuíz nese momento sobre a súa procedencia (cfr. art. 786.2 LACrim).

En segundo lugar está a admisión dos medios de proba. Esta é unha decisión fundada do Tribunal que examinará as probas propostas e ditará auto admitindo as que considere pertinentes (art. 659 LACrim), necesarios e posibles (Pérez-Cruz Martín, 2020: 496).

Unha vez practicados os medios de proba, o tribunal pasará a valoralos. A valoración da proba prodúcese, como recolle Araya Novoa (2020: 37), en contextos de incerteza fáctica. O compromiso epistemolóxico do proceso é a averiguación da verdade no que sempre existirá unha marxe de erro. Realmente, máis que a averiguación da verdade poderíase dicir que se pretende minimizar a posibilidade de erros (empregando, entre outras cousas, o estándar de proba).

A valoración da proba é entendida como unha actividade racional que consiste na elección da hipótese máis probable entre as diversas reconstrucións posibles dos

feitos (Araya Novoa, 2020: 45). No proceso penal español non existe a proba taxada, como existía nos sistemas xudiciais inquisitoriais. Ao abeiro do artigo 741 da LACrim⁶, no proceso penal rexe o principio de libre valoración da proba, que supón a apreciación das probas segundo a conciencia do Tribunal.

Este principio non exime dunha necesaria motivación sobre a práctica da proba e a súa valoración. Motivación recollida no artigo 102.3 da CE que implica sinalar as razóns que permiten considerar que a decisión está xustificada.

A valoración da proba, en todo caso, ha de versar sobre o resultado que se produciu no xuízo oral (agás nos casos de proba anticipada e preconstituída previstas na lei), cumprindo os principios de inmediación e contradición que ordenan o proceso penal. Tamén implica que a motivación ha de ser sobre a proba lícitamente obtida e non se poderá ter en conta a proba obtida ilícitamente ou con violación das garantías constitucionais.

Este momento valorativo é especialmente difícil xa que apreciar a verdade duns feitos construídos preséntase coma unha actividade laboriosa. Non podemos obviar que o xuíz non observa directamente o feito a probar senón que ten a percepción directa e inmediata do elemento de proba, o que lle permitirá formar o seu xuízo (Araya Novoa, 2020: 51).

Esta actividade tense que facer atendendo ás normas da lóxica, máximas de experiencia ou sá crítica o que leva consigo unha obriga de razoar o resultado probatorio na declaración dos feitos probados, con máis razón nos casos de probas indiciarias (Pérez-Cruz Martín, 2020: 491, 492). É posible que os prexuízos que existen na sociedade pasen desapercibidos neste momento da actividade xurisdiccional?

Cabe destacar que a valoración da proba coas facultades que lle confiren os artigos 741 e 973 da LACrim só vai poder ser efectuada polo xuíz *a quo*. Por conseguinte, a persoa xulgadora ou Tribunal de primeira instancia será a única que goce da autoridade para apreciar a proba dando cumprimento á esixencia constitucional de someter ao acusado a un xuízo público con todas as garantías. Por tanto, a xulgadora de

⁶O Tribunal, apreciando segundo a súa conciencia as probas practicadas no xuízo, as razóns expostas pola acusación e a defensa e o manifestado polos mesmos procesados, ditará sentenza dentro do termo fixado nesta Lei.

Sempre que o Tribunal faga uso do libre arbitrio que para a cualificación do delito ou para a imposición da pena outórgalle o Código Penal, deberá consignar se tomou en consideración os elementos de xuízo que o precepto aplicable daquel obrigue a ter en conta.

instancia será quen aprecie con plena efectividade dos principios do proceso penal de inmediación, contradición e oralidade. Así reconece tamén a xurisprudencia do Tribunal Constitucional (STC 120/2009, de 18 de maio), que estes principios non poden ser suplidos por gravacións.

É común que se alegue o erro na valoración da proba nos recursos de apelación e casación, non tendo o tribunal de apelación a autoridade para valorar novamente. O que si é aceptado pola xurisprudencia, é que o Tribunal de apelación faga un exame desde unha tripla verificación: que exista proba válida, proba suficiente e proba debidamente razoada e motivada; dándolle cumprimento ao artigo 9.3 da CE. Non se realiza unha nova valoración do material probatorio, senón que o obxecto de control recae sobre a racionalidade da valoración.

Esa tripla verificación que mencionamos fai referencia a que o tribunal de apelación examinará: i) o “xuízo sobre a proba”, é dicir, se existiu proba de cargo que se obtivo respectando a legalidade constitucional esixible e que fora introducida no Plenario seguindo a lei, así como verificar que foi obxecto de sometemento aos principios de contradición, inmediación e igualdade; ii) o “xuízo sobre a suficiencia”, que constatada a proba de cargo esta é de tal consistencia que ten a virtualidade de derrocar a presunción de inocencia; iii) e o “xuízo sobre a motivación e a súa razoabilidade”, o que implica comprobar se o Tribunal cumpriu cos deberes de motivación, facendo explícitos os razoamentos que fixeron caer a presunción de inocencia (FX 2º STSX Valencia 165/2019, de 24 de outubro).

O que se esixe é verificar a argumentación do Tribunal sentenciador a fin de que as súas conclusións sexan acordes ás máximas de experiencia, regras da lóxica e principios científicos (STS 262/2017, de 7 de abril e STS 254/2017, de 6 de abril). Non por tanto valorar se o resultado obtido da valoración da proba é o correcto.

Pasamos a formular como mediante esta labor de verificación das máximas de experiencia pódense apreciar prexuízos que están presentes en todo os poros da sociedade. En derradeiro lugar, debullaremos unha sentenza para analizar de que prexuízos pode adoeecer e deixar expostas algunhas das ideas relativas a poder neutralizalos.

4.3 Libre valoración da proba. Máximas de experiencia e ventás para os prexuízos.

O último paso que da a proba é a súa valoración por parte do Tribunal. Como vimos, o xuíz ou Tribunal ten liberdade para a súa valoración. Esta liberdade non é equivalente a unha arbitrariedade absoluta, mais si se fai unha remisión xenérica ás máximas de experiencia, á sa crítica e segundo a súa conciencia. Porén, que son exactamente as máximas de experiencia? Quen as dota de sentido? Reproducen prexuízos que existen na sociedade sobre determinadas accións?

Poderíamos definir as máximas de experiencia como as xeralizacións empíricas que configuran o razoamento probatorio inferencial no sistema de libre valoración. Son, por tanto, enunciados descritivos aos que se chega mediante razoamentos xeralizados usando as regras de racionalidade epistemolóxicas. Son premisas de inferencia probatoria, non criterios metodolóxicos de racionalidade (Araya Novoa, 2020: 47).

É dicir, a partir dun dato (contido da declaración dunha testemuña, contido dun informe pericial, un informe médico, unha inspección xudicial, ou calquera outro medio) que constitúe un elemento probatorio a persoa que xulga pode inferir outro feito descoñecido. Así, constrúese o coñecemento dun feito descoñecido por inferencia dun dato comprobado. Mais estas non responden a leis científicas nin a principios lóxico-racionais.

Nieva Fenoll (2010: 211), recoñece que as máximas de experiencia son citadas sempre como algo xenérico, como unha cláusula de estilo que obvia calquera outro razoamento. E que, cando se menciona, non se lles dota dun contido. Empréganse as máximas de experiencia como referencia a unha especie de imaxinario colectivo que se toma como exemplo de consenso social ou científico sobre cal será a dogmática xurisprudencial en torno á previsibilidade dos acontecementos. En palabras de Taruffo, as máximas de experiencia supoñen un concepto caótico e indeterminado.

Ante esta idea de Nieva Fenoll, podemos lembrar e ligala á idea vista no apartado 1.2 -relativo ao androcentrismo- de como o Dereito, así coma todos os campos do saber, tomaron de referencia do universal ao varón branco heterosexual de clase media. Deste modo, créase un concepto pouco definido, que responde a convencións sociais que son así ou se cree que deben ser así. Nieva cita a Taruffo refutando a idea de que practicamente nunca que se alude a unha máxima de experiencia dita máxima posúe

esa natureza e que, como xa citamos antes, reflicten convencións sociais que están cheas de prexuízos (Nieva Fenoll, 2010: 210).

Araya Novoa (2020), fai referencia a que as máximas de experiencia reflexan regularidades empíricas que establecen relacións de probabilidade. Xa que logo, conforme a experiencia pasada que se teña, se unha proba é verdadeira é probable que tamén o sexa a hipótese. En conclusión, as máximas de experiencia responden a un método da indución xeralizadora ou ampliativa das xeralizacións empíricas, xa que logo, da súa utilización nunca se obterán certezas. Unicamente se chegará a un coñecemento probable, baseado na habitualidade dun feito nun determinado contexto social. Poñendo un exemplo de Juan Igartua que recolle Araya Novoa, o seu funcionamento sería do seguinte modo: *“as nais aman aos seus fillos” (máxima de experiencia), “Filomena é a nai de Pascual (dato probatorio), polo que “Filomena ama a Pascual”* (Araya Novoa, 2020: 55).

É aquí onde os prexuízos poden agromar sen ser percibidos. Pechada a porta á discriminación directa ou indirecta e ter un mandato de igualdade consagrado como dereito fundamental na Constitución, os prexuízos poden entrar pola ventá. Afirmamos isto xa que as máximas de experiencia englobanse dentro dese coñecemento naturalizado que reproduce estereotipos e prexuízos segundo unha cultura hexemónica. Por esta razón, é imprescindible a elección de máximas de experiencia que non asuman os nesgos patriarcas e machistas para evitar que no razoamento inferencial se cheguen a conclusións que non son acordes coa realidade.

A perspectiva de xénero esixe substituír as máximas de experiencia machistas, tradicionalmente asumidas, por novas máximas de valoración probatoria baseadas na igualdade real e efectiva na interpretación, aplicación e resultado da aplicación da lei. Non obviamos a dificultade que entraña tal tarefa. A intención do presente traballo é facer un achegamento ou formular unha posibilidade sobre como poder facelo mediante o análise dunha sentenza do Tribunal Supremo.

5. VALORACIÓN DA PROBA E VIOLENCIA SEXUAL

Cando se dita sentenza nun xuízo no que se acusou por violencia sexual –polos delitos que estudamos con anterioridade- que sexa condenatoria non leva intrinsecamente ligado que se ditara con perspectiva de xénero. Do mesmo xeito que, no caso de ser unha condena absoluta non é de *per se* unha sentenza na que se eludira dita perspectiva. É dicir, pode haber sentenzas tanto condenatorias como absolutorias nas que os argumentos empregados polo tribunal xulgador estean impregnados de estereotipos de xénero.

A maxistrada Rueda Soriano, fai fincapé no anteriormente descrito e afirma que non se pode empregar a perspectiva de xénero para eludir as garantías procesuais, sendo fundamental identificar o estereotipo discriminatorio. A maxistrada pon un exemplo notorio dunha sentenza que foi moi criticada mais ela considera que o estereotipo de xénero non foi identificado. Esta é a Sentenza da Audiencia Provincial de Navarra, Sección 2ª, 38/2018, de 20 de marzo, coñecida como o caso de “La Manada”.

Nesta sentenza, é certo que a xustiza creu a supervivente e houbo sentenza condenatoria por abuso sexual con prevaecemento, como afirma a maxistrada (Cátedra de Cultura Jurídica, 2019). Mais na nosa opinión foi unha sentenza, a pesares de ser condenatoria, ditada sen perspectiva de xénero. Xa que logo, as críticas que recibiu a sentenza son fundadas. Si que existiron estereotipos de xénero negativos e discriminatorios e estes foron claramente identificados.

Existe unha clara falta de perspectiva de xénero xa que o estereotipo que se empregou foi a falta de análise do factor intimidatorio. É dicir, o tribunal de instancia xulgou como se a intimidación operase iguais en ambos xéneros cando se sabe que non é así. Xa que logo, nos feitos probados da sentenza da AP de Navarra descríbese un escenario dunha situación de intimidación notoria que anulou completamente a vontade da vítima, como así recoñeceu posteriormente o Tribunal Supremo (Jericó Ojer, 2019: 311).

É ben, se sabemos que o xénero é unha construción social que impón roles diferentes a homes e mulleres e que no sistema patriarcal as mulleres son educadas socialmente para a submisión e os homes para a dominación, ante unha mesma situación de medo non se vai responder igual. Ademais de que, como se viu nas gráficas das condenas de delitos por violencia sexual entre xéneros, o medo que poden ter as

mulleres a seren violadas e asasinadas é un medo fundado e moito máis elevado que o dos homes xa que isto responde a esa mostra de poder e de dominación histórica do xénero masculino sobre o feminino. Alerta o CXPX no comunicado de prensa de inicios do ano que do *“estudo das 102 sentenzas do Tribunal Supremo puxeron de manifesto que en 9 de cada 10 casos (93,8%) a violencia sexual é cometida por homes e que 8 de cada 10 (83%) a vítima é muller”*.

Pasamos agora a observar como os prexuízos poden aparecer nas sentenzas xudiciais sen ser percibidos polos seus poñentes xa que estes, aínda que creamos que non os temos, están sempre presentes na nosa actividade profesional e particular.

5.1 Sentenza do Tribunal Supremo 828/2021 (Sala do Penal, Sección 1ª), de 29 de outubro

Empregando outro exemplo menos coñecido pero moi recente, analizaremos máis polo miúdo a Sentenza do Tribunal Supremo 828/2021 (Sala do Penal, Sección 1ª), de 29 de outubro (recurso nº 4991/2019) no que poderíamos analizar estereotipos de xénero que deberían ser neutralizados das máximas de experiencia dos xulgadores.

Esta STS é consecuencia dun recurso de casación sobre a STSX de Valencia 165/2019, de 24 de outubro pola que se resolve o recurso de apelación. A sentenza de instancia, ditada pola Audiencia Provincial de Valencia, non aparece publicada nas bases de datos públicas ou de pago ás que tivemos acceso.

Por ese motivo, só poderemos analizar as sentenzas que conseguimos obter. En concreto, analizaremos como a Sentenza do Tribunal Supremo adoece, na nosa opinión, de prexuízos e estereotipos de xénero na súa revisión da subsunción valoratoria do tribunal de instancia. Xa que recorre a máximas de experiencia que evocan unha construción masculina sobre a sexualidade feminina e, ademais, sobre a sexualidade dunha menor de dezaseis anos.

O caso versa sobre unha nena de 13 anos de orixe brasileira, á que na STS se lle nomea de xeito ficticio como Celia, que no verán de 2016 decide pasar unha tarde vendo unha película cun rapaz, que chaman de Diego, de 20 anos e 3 meses. Nas sentenzas analizadas hai diferenza nos feitos probados á hora de considerar se a relación

que mantiñan era de amizade ou de noivado. En todo caso, como o Supremo considera que era unha relación de noivado en función dos feitos probados da sentenza de instancia, á que non tivemos acceso, así o consideremos. Porén, esta relación era moi breve no tempo xa que contaba unicamente cun mes de duración; do que non se pode deducir que sexa unha relación estable.

A comezos de 2017, Celia comeza a mostrar síntomas depresivos, unha mala relación persoal coa súa nai e o seu pai e, incluso, chega a ter un intento de suicidio. En setembro dese ano, Celia coincide con Diego e o seu curmán, Eladio, nunha festa e decide contarlle a unha amiga o que pasara naquela tarde do verán de 2016. Así mesmo, cóntallo a unha amiga da familia e a unha profesora (Antecedentes de Feito 1º, STS 4007/2021, de 29 de outubro). Podendo ser un indicativo de que estaba precisando dun apoio para comprender o que sufrira ou da vergonza que sentía. Así o recoñece o Supremo na súa Sentenzas 184/2019, de 2 de abril: *“o atraso en denunciar se produce porque as vítimas silencian os feitos por medo, vergoña; ese “silencio” non pode correr contra elas cando finalmente o contan nin cuestionalo como sinónimo de faltar á verdade que supoña “traba de credibilidade” cando estas deciden denuncialo máis tarde sobre todo polas especiais características dos feitos de contido sexual e a falta de madurez da menor no momento dos feitos”*.

Segundo os feitos probados da STSX, que reproduce a STS nos seus antecedentes de feito, no verán do ano 2016, Celia e Diego mantiveron relacións sexuais completas con penetración vaginal. Ao rematar, este lle pregunta se lle importaba que fose a casa o seu curmán Eladio ao que ela, segundo como esta redactado nas sentenzas, non se opón. Tamén se considera probado, e non se discute polo Supremo, que cando Eladio chega pasan os tres a habitación. A menor séntase na cama xunto a Diego, co que mantivo relacións, cóllea da man e comeza a bicala, ao que ela corresponde. O seguinte que se considera probado é que ambos acusados mantiveron relacións sexuais coa menor por vía vaginal, bucal e anal, chegando a exacular na súa camiseta.

O tribunal de instancia considera os feitos constitutivos dun delito de agresión sexual a menor de dezaseis anos e condena aos dous autores cunha pena de oito anos de cadea, tipificado no artigo 183.2 do CP. A sentenza de apelación revoca parte do

pronunciamento e modifica esa tipificación ao non apreciar o efecto intimidatorio⁷ ou violento⁸ que reclama ese delito, como observamos no epígrafe correspondente á tipificación do Código Penal. O TSX de Valencia modifica nese senso e condena aos dous autores a unha pena de prisión de dez anos por un delito de abuso sexual a menor de dezaseis anos, tipificado no artigo 183.1 do CP, coa agravante específica do artigo 183.4.b) do mesmo corpo legal – cando os feitos se cometan pola actuación conxunta de dúas ou máis persoas-.

Presentados recurso de casación pola defensa dos acusados, alegando ambos a infracción de preceptos constitucionais –en concreto, por vulneración do dereito á presunción de inocencia- e por infracción de lei do artigo 849.1 da LACrim, o Tribunal Supremo falla a favor da absolución dos dous acusados.

No Fundamento Xurídico Terceiro, sinala o Tribunal no exame feito de oficio sobre o *error iuris*, favorable aos acusados, por ter sinalado a cláusula de exclusión da responsabilidade do art. 183 quarter CP –que tamén analizamos no apartado relativo á tipificación da violencia sexual no Código Penal-. Como o TSX de Valencia cualificou os feitos de abuso sexual e non de agresión como sentenciara o tribunal de instancia ábrese a posibilidade de introducir a cláusula de exclusión da responsabilidade. Lembremos que esta supoñía que o acto sexual non será considerado de abuso sexual cando a menor de dezaseis anos – idade por debaixo da cal está prohibido realizar actos de carácter sexual- presenta unha madurez e desenvolvemento físico e mental próximo ao acusado.

Usando a súa propia xurisprudencia, STS 478/2019, de 14 de outubro, considera que hai un consentimento libre da menor cando hai unha *“actividade sexual compartida cunha persoa que, aínda sendo maior de idade, é próxima á menor en idade e madurez”*. Non se especifica en ningún momento, nin se fai referencia a ningún tipo de xurisprudencia, cales son os requisitos desa proximidade en canto idade e madurez. É dicir, non hai un criterio obxectivo sobre a diferenza de idade.

Mais podemos entender que non é o mesmo unha diferenza entre trece anos e vinte anos a unha diferenza entre quince anos e dezaioito polo simple feito do momento

⁷ Ameaza dun mal, sen ser imprescindible que sexa inmediato, bastando que sexa grave, futuro e verosímil (STS 12/2016, de 21 de xaneiro)

⁸ Acontecemento, coacción ou imposición material, empregando calquera medio físico para obrigar a vontade da vítima (STS núm. 1145/1998, de 7 de outubro e STS núm. 409/2000, de 13 de marzo).

de madurez do inicio adolescencia no que se atopa unha persoa de trece anos, como define a OMS e recolle a Circular da Fiscalía 1/2017, de 6 de xuño, sobre a interpretación do art. 183 quarter do Código Penal, que se verá a continuación.

O TS, ante os feitos probados considera aplicable esta cláusula. Certo é que reconece a gran dificultade que presenta a interpretación da cláusula xa que, tanto o desenvolvemento físico como psicolóxico son *“factores non suxeitos a regras fixas, na que a formación e condicionantes culturais de cada cal xoga un papel importante”* (FX 3°).

Por outra banda, menciona a devandita Circular da Fiscalía 1/2017, de 6 de xuño, sobre a interpretación do art. 183 quarter do CP como guía para poder apreciar ese achegamento de madurez e desenvolvemento. A Circular analiza que esta cláusula de exclusión supón que o sistema do Estado español é un sistema mixto que prohíbe as relacións con menores non só unicamente por un criterio cronolóxico senón que tamén ten un criterio biopsicosocial. En consecuencia, isto provoca unha vaguidade do dato cronolóxico e impón unha maior análise do caso concreto. Destaca Muñoz Conde que esta ambigüidade do texto deixa moita marxe á persoa xulgadora que pode deixarse levar por prexuízos morias ou culturais non coincidentes coas partes implicadas no acto de carácter sexual (Muñoz Conde, 2019: 225) .

O Supremo formula que, atendendo á análise do caso concreto, consideran de aplicación a cláusula por tres motivos: Diego e a menor tiñan un réxime de noivado dun só mes; non consideran unha diferenza de idade tan afastada; e consideran que o grao de madurez da nena de trece anos e os rapaces de vinte e dezanove é próximo.

O fio argumental que o Tribunal emprega é o seguinte: *“cabe asumir que a madurez da menor no físico e no psicolóxico non era moi distante da dos acusados no que é o ámbito das relacións sexuais, que é no que no estamos movendo; xa nos referimos ao réxime de noivado entre a menor e Diego; pero tamén hai que ter en conta que, momentos antes de manter a relación sexual con este no que se centra o obxecto da presente causa, mantivera relación sexuais completas con el; que, cando as remata, Diego preguntalle se lle importa que veña o seu curmán Eladio e non se opón, que, incluso en relación co momento no que teñen lugar os actos sexuais que se axuízan, a menor sentouse na cama xunto a Diego, quen lle colleu da man e comezou a bicala correspondendo a menor as seus bicos, que, a continuación mantén relacións sexuais*

completas con Diego e o seu curmán, e que, como complemento disto, no Fundamento quinto da súa sentenza, uns dos motivos que tivo en conta a Audiencia para excluír a violencia e intimidación, foi “a confesión da menor, que admite que despois de ter mantido relacións sexuais con Diego, este lle pediu permiso para chamar ao seu curmán e ela consentiu, deducíndose por pura lóxica que o obxecto da nova presenza era para manter tamén relacións sexuais, o que é entendido deste mesmo xeito ata polo pai da menor, como resulta da súa declaración ante o instrutor”; como tamén atopamos no mesmo fundamento, entre as consideracións que se fan en relación cos testemuños oídos en xuízo, o relativo á profesora da menor que atopou a esta “madura”, datos indicativos dunha certa experiencia no ámbito das relacións sexuais, que permiten non descartar que a relación sexual da menor cos dous acusados se atopaba tan próxima en simetría en canto idade, desenvolvemento, madurez física e psicolóxica que fan que nos decantemos pola aplicación da cláusula de exclusión do art. 183 quarter”.

Os argumentos que emprega para manter esta decisión son, ao noso xuízo, escasos e pouco convincentes tendo en conta a natureza da relación sexual – primeiro con un e un tempo despois, repite con dous-, a idade da menor – á que os acusados cualifican de nena en todas as declaracións, como reproduce a Sentenza nos FX Primeiro e Terceiro-, e que funden a proba da madurez dela no testemuño dunha profesora. Todo parece pouco para enervar a presunción *iuris tantum* da prohibición de ter relacións cunha menor.

Para analizar de que prexuízos adoece esta sentenza imos tomar como guías algúns dos protocolos que existen en Latinoamérica para xulgar con perspectiva de xénero, atendendo á parte da valoración probatoria.

5.2 Identificar os prexuízos e neutralizalos.

A sentenza que pasamos a analizar adoece, canda menos, de prexuízos de xénero sobre a sexualidade das mulleres en xeral e das nenas en concreto. Para analízalo, axudarémonos dos seguintes protocolos: i) *Protocolo para juzgar con perspectiva de género. Haciendo realidad el derecho a la igualdad* (México, 2015); (ii) *Metodología para el análisis de las decisiones jurisdiccionales desde la perspectiva de género* (México, 2017); (iii) *Criterios de equidad para una Administración de Justicia con perspectiva de género* (Colombia, 2011); (iv) *Modelo de incorporación de la perspectiva de género en las Sentencias* (Cumbre Judicial Iberoamericana, 2020); e (v) *Protocolo de Actuación sobre Delitos Sexuais* (Partido Xudicial de Santiago de Compostela, 2022, auspiciado pola maxistrada Ana López-Suevos Fraguela que non segue os mesmos obxectivos que os mencionados con anterioridade mais consideramos de gran importancia e avance para os partidos xudiciais galegos, debendo quedar recollido neste traballo.

Todos estes protocolos, agás o derradeiro que é un protocolo non só orientado a xulgar, teñen en común que apostan por unha metodoloxía para xulgar con perspectiva de xénero os casos que se someten a coñecemento dos e das operadores xurídicos. Propoñen vías para detectar as circunstancias estruturais que perpetúan as violacións aos dereitos humanos en virtude da identidade sexo-xenérica das persoas. Xa que logo, poder identificar e avaliar os impactos diferenciados das normas; a interpretación e aplicación do dereito segundo os roles estereotipados sobre o comportamento de homes e mulleres; as exclusións xurídicas producidas pola construción binaria da identidade de sexo e/ou xénero; a distribución inequitativa dos recursos e poder que deriva destas asignacións e a lexitimidade do establecemento de tratos diferenciados nas normas, resolucións e sentenzas.

Ofrécennos unha metodoloxía que se basea en cuestionarnos as decisións ou preguntarnos en base a que se tomaron. Para ver o exemplo práctico que é obxecto deste estudo, tomaremos principalmente como referencia o *Protocolo para juzgar con perspectiva de género. Haciendo realidad el derecho a la igualdad* e a *Metodología para el análisis de las decisiones jurisdiccionales desde la perspectiva de género*. Ambos documentos estrutúranse en preguntas xerais e específicas para cada momento, tanto previo, durante e posterior ao proceso. Por cuestións de espazo, decidimos escoller

algunhas das numerosas preguntas que nos aportan para poder sintetizar a exemplificación do que suporía unha análise con perspectiva de xénero na sentenza escollida, que pode dar lugar nun futuro a un estudo máis detido e profundo.

En primeiro lugar, hai que facer unha análise de contexto. Cal foi no que se desenvolven os feitos? (Suprema corte de Justicia de la Nación, 2015: 79). A esta pregunta responderemos estudando a sentenza descrita no apartado anterior: os feitos ocorreron na casa de Diego, adulto de 20 anos, sen máis testemuñas. En segundo lugar, valorouse se o xénero foi unha condición que influíra directa ou indirectamente no conflito? É dicir, valorouse se con base no xénero xustificouse –expresa ou tacitamente– que unha das partes exercera máis poder impactando isto no conflito? (Equis, 2017: 37). Esta pregunta evoca se na relación entre as partes existiu unha asimetría de poder. Na nosa opinión a resposta é afirmativa xa que no caso analizado se trata dunha relación de soamente un mes de duración, na que están dando por feito que xa se manteñen relacións sexuais –outro estereotipo– entre unha menor de 13 anos e un maior de 20. Na etapa inicial da adolescencia dunha nena isto pódese presentar como una mostra de poder, de ser alguén importante, de querer destacar por ter un mozo influínte.

Esta resposta tamén poder servir para aclarar parte da seguinte cuestión: revisouse a forma en que os estereotipos de xénero influíron no conflito? (Equis, 2017: 38). Como dixemos, na etapa pronta da adolescencia pódese querer destacar por ter unha relación cun home maior. O que se espera nas mulleres é que comprazan sexualmente ás súas parellas que, aínda que teña trece anos, senón intervén violencia ou intimidación pode entenderse que o consentimento foi libre sen reparar nos estereotipos e prexuízos de xénero que esa nena de 13 anos tamén leva con ela: ter a crenza de que se se lle propoñen unha relación sexual e, despois, outra con dous homes simultaneamente ten que aceptar para gustar e sentirse desexada.

Pasando á valoración das probas, os documentos estudados apórtannos novas cuestións interesantes para poder neutralizar os prexuízos. Podemos comezar cunha pregunta xenérica que nos derive as máis concretas. A ponderación das probas permitiu unha análise dos feitos desde un enfoque de xénero? (Equis, 2017: 41). É dicir, a valoración das probas estivo libre de expectativas sobre como debe ser ou comportarse unha persoa conforme ao seu xénero? Isto evócanos a se a valoración das probas estivo libre de estereotipos de xénero.

Volvendo a como o Tribunal Supremo argumenta a súa decisión de aplicación da cláusula de exclusión do art. 183 quarter CP e a conseguinte absolución dos acusados, cabe facer mención a unha tese en concreto: *“a confesión da menor, que admite que despois de ter mantivo relacións sexuais con Diego, este lle pediu permiso para chamar ao seu curmán e ela consentiu, deducíndose por pura lóxica que o obxecto da nova presenza era para manter tamén relacións sexuais, o que é entendido deste mesmo xeito ata polo pai da menor, como resulta da súa declaración ante o instructor”* (FX 3º). O que chama atención de como o TS observa esta situación é que consideran que se deduce de pura lóxica que, unha vez que a nena mantén relacións sexuais co que se di que é o seu mozo –lembremos dun único mes de relación- que se lle pida que vaia o curmán ao que non se opón e xa “de pura lóxica” podemos deducir que é para o mesmo fin: ter relacións sexuais anais, vaxinais e bucais con ambos.

O tribunal non expón o exercicio inferencial que lle leva a esa conclusión nin a que regras da lóxica ás que se refire. Aquí hai o que consideramos un exemplo dunha máxima de experiencia machista e sexista. Recordemos que no epígrafe 4.3 estudamos que as máximas de experiencia son, en síntese, medicións de probabilidade en función do que pasa habitualmente. O que aquí esta considerando o Tribunal é que é habitual que unha nena de trece anos quede co seu mozo, que non é relevante se é o seu primeiro mozo ou o seu décimo, manteña relacións sexuais e que na mesma tarde manteña de novo relacións pero cun invitado. Cal é o estereotipo sexista? Que a muller ten que compracer sexualmente ao home, ao seu mozo e se se presenta outro, a el tamén.

Ademais entende o Supremo, na súa máxima de experiencia, que é esperable este resultado porque momentos antes deste episodio sexual dos dous homes, mantivera relacións co que se afirma que é o seu mozo. É dicir, que como dixo si co seu mozo ao Tribunal supón que de pura lóxica a nena ten que dicir si de novo. Hai aquí un estereotipo na concepción da violencia sexual que supón que só certa clase de mulleres poden ser obxecto de violencia sexual: aquelas que nunca mantiveron relacións sexuais previas, as fisicamente débiles ou que levan unha conduta sexual que sexa digna moralmente.

Lembremos que, no referente á proba, o Convenio de Istambul prohíbe ao abeiro do art. 54 admitir probas relativas aos antecedentes sexuais e ao comportamento da vítima, agás que sexa pertinente e necesario. Se o Tribunal o considerase deste xeito,

debería facer unha argumentación reforzada sobre porque esa información é precisa e, sobre todo, tendo en conta que no caso que estamos a analizar é a vida sexual dunha nena de trece anos. Ademais, na súa libre valoración da proba, considera fundamental o testemuño da súa profesora (aquela a quen lle contara o sucedido antes de presentar denuncia) que a considera madura. Deste testemuño o Tribunal saca conclusión de que ao ser unha nena madura para a súa idade hai un dato indicativo dunha *“certa experiencia no ámbito das relacións sexuais, que permiten non descartar que a relación sexual da menor cos dous acusados se atopaba tan próxima en simetría en canto idade, desenvolvemento, madurez física e psicolóxica”*.

Respecto da diferenza de idade, volvemos retomar a Circular 1/2017 da Fiscalía que considera posible fixar marcos de protección segundo a idade da vítima menor de dezaseis anos. En todo caso cando sexa impúbere estará sempre protexida; cando alcanzara a pubertade e non sexa menor de trece anos –esta é a relativa ao caso que nos ocupa- a exención da responsabilidade do art. 183 quarter CP limitaríase xeralmente a autores menores de dezoito anos. Ademais, tamén fai uns apuntes ao dereito comparado e como se configuran os criterios de idade en outros países. A Fiscalía apunta que Canadá ofrece un modelo por tramos de idade que suporía unha diferenza aceptable de dous anos no caso de menores entre doce e trece anos. Por outra banda, Suíza contempla unha diferenza fixa de tres anos.

Tras un estudo da xurisprudencia española, entende Boldova Pasamar (2021: 24) que se existe unha diferenza de idade en torno aos cinco anos, téndese a estimar inaplicable dita cláusula de exención, con máis razón canto máis baixa sexa a idade da persoa menor de dezaseis anos. Os criterios de idade e de madurez son acumulativos, non alternativos. Se o primeiro non se cumpre, ou hai unha diferenza maior de cinco anos, a argumentación da madurez deberá ser reforzada. Esta exposición da resposta a unha das últimas preguntas que foron escollidas dos devanditos protocolos: presenta a argumentación razóns que expliquen se o comportamento ou situación de calquera das partes do conflito se relaciona coas cargas de xénero que se lle impuxeron socialmente? (Equis, 2017: 44).

Por último, gustaríanos deixar indicado como pode haber factores máis alá do xénero que poden afectar aos nesgos das decisións xudiciais. Estes factores poden ser a orixe étnica, a relixión ou crenzas, a saúde, o estatus, a idade, a clase, a orientación sexual ou a nacionalidade. Trátase da interseccionalidade, unha das reivindicacións que

viamos no epígrafe 3.1 polo que pulou o feminismo e que se acabou recollendo nos tratados internacionais.

No caso que analizamos con anterioridade, poderíamos deixar tamén aberta outra liña de repensar os prexuízos en canto a se a consideración da sexualidade da menor sería diferente se a súa orixe non fose brasileira. Esta afirmación non se fai en vano. É sabido que a concepción das mulleres brasileiras leva consigo unha serie de estereotipos que tenden a hipersexualizalas. Afirmo Piscitelli (2007: 18) que as categorías que aparecen na percepción sobre as mulleres brasileiras tenden a ser erotizadas por medio dunha construción de nacionalidade atravesada polo xénero que é racializada e sexualizada.

Por estes motivos, é imprescindible facer unha revisión das nosas crenzas e das decisións de todos os operadores xurídicos, para aprender a identificar os nosos prexuízos que, precisamente ao pensar que non os temos é cando estes se manifestan. O proceso penal e a valoración das probas ten un papel fundamental no acceso á xustiza para minorar o risco de que certos actos volvan a cometerse e evitar a impiedade (Protocolo, 2015: 91). Ser conscientes de que existen, identificalos e neutralizalos segue a ser un obxectivo polo que ten que pular o Poder Xudicial e evitar non dar respostas equivocadas a aquelas persoas que precisan de protección xurídica.

6. CONCLUSIONES

I. A violencia sexual é un tipo de violencia sobre a muller que precisa dunha especial atención cun enfoque de xénero. A violencia sexual foi tratada durante séculos coma un delito contra a honra do varón do que a muller dependía e non foi ata 1989 cando por primeira vez se considerou como o ben xurídico protexido a liberdade sexual da muller. Estivo sempre ligada a unha concepción moral sobre a sexualidade feminina, chea de estereotipos e prexuízos sobre as mulleres que configurou a forma de interpretar o delito.

Os delitos de violencia sexual teñen características diferentes a outros delitos tipificados no Código Penal. Como vimos, estes soen ocorrer en lugares íntimos, onde a presenza de testemuñas soe ser nula e dificulta a formación do acervo probatorio. Tampouco responden a unha dimensión instrumental senón que son delitos emocionalmente satisfactorios en si mesmos. Estes responden a unha estrutura social que entende a submisión das mulleres e dominación sobre elas, configurada mediante estereotipos que entenden a sexualidade do home como cazador e a muller coma presa.

Estes delitos arruinan vidas, proxectos, organizacións, manteñen un clima de medo e opresión e revelan as desagradables contradicións entre os nosos ideais e as nosas prácticas reais. Son cometidos na súa meirande parte por varóns contra mulleres, como tivemos a ocasión de revisar. Lembremos que entre 2017 e 2020 no Estado español máis do 98% das condenas por violencia sexual eran impostas a homes. Incluso, apuntamos como dentro da activade criminal diferenciada por xéneros, as mulleres soen delinquir menos pero, ademais, as súas condutas delituosas responden na súa maioría a condicións estruturais inherentes á pobreza feminina.

II. Incluír a perspectiva de xénero non é sinónimo de perder garantías constitucionais e procesuais. O debate estase a formular cada vez con máis entidade, cada día son máis voces tanto fóra como dentro da esfera xurídica que están reclamando a introdución da perspectiva de xénero no Dereito. Dentro da xudicatura e fiscalía, poderíamos destacar ás maxistradas María Luísa Balaguer, Concepción Espejel e Inmaculada Montalbán –todas elas maxistradas do Tribunal Constitucional. Así como a Fiscal de Sala Delegada de Violencia sobre a Muller, Teresa Peramato Martín. Tamén as maxistradas Ana López-Suevos Fraguela, titular do Xulgado de Instrución núm. 1 de Santiago de Compostela, Lucía Avilés Palacios, titular do Xulgado do Penal núm. 2 de

Mataró e Fernando Lousada Arochena, maxistrado do TSX de Galicia, por citar algunhas das persoas que se posicionan neste senso.

A introdución da perspectiva de xénero supón un cumprimento co mandato internacional e constitucional de igualdade real entre as persoas. Para facelo efectivo non é suficiente coa promulgación de leis, senón que se fai preciso introducir unhas pautas de interpretación na dimensión de xénero. Para formular o debate, é preciso afastarse da falacia de redución *ad absurdum* de que a perspectiva de xénero e a presunción de inocencia son incompatibles. É preciso facer unha crítica á suposta neutralidade das leis e das normas que tomaron como referencia ao home branco, heterosexual e de clase media como referencia e medida da realidade única e universal.

III. No traballo realizado, tivemos a oportunidade de analizar como as verdades xudiciais son verdades construídas para poder entender a convivencia social. Estudamos como os procedementos xudiciais son o enfrontamento entre as verdades das partes que interveñen. Así mesmo, os xuíces e as xuízas son seres humanos que viven e opositan nunha sociedade con prexuízos e estereotipos que lle son endémicos non por acceder á carreira xudicial se desprenden deles se non se fai un exercicio de atención aos mesmos.

O obxecto do presente traballo foi analizar e formular como a través da libre valoración da proba mediante as chamadas máximas de experiencia poden agromar eses estereotipos dos que non somos conscientes. Isto é debido a que as máximas de experiencia responden a convencións sociais que son así ou que se cree que deben ser así, respondendo a un coñecemento naturalizado que reproduce estereotipos e prexuízos de xénero segundo unha cultura hexemónica.

Por todas estas razóns, é imprescindible a adopción dunha perspectiva de xénero na valoración probatoria para poder substituír as máximas de experiencia machistas tradicionalmente asumidas por novas máximas de valoración probatoria baseadas na igualdade real e efectiva na interpretación, aplicación e resultado da lei. O proceso penal e a valoración das probas teñen un papel fundamental no acceso á xustiza para minorar o risco de que certos actos volvan a cometerse e evitar a impunidade. Ser conscientes de que existen, identificalos e neutralizalos segue a ser un obxectivo polo que ten que pular o Poder Xudicial e evitar non dar respostas equivocadas a aquelas persoas que precisan de protección xurídica.

IV. O Dereito Penal non pode ser a única solución. Así mesmo, tamén concluír que, apesares de que co paso do tempo máis condutas se recoñecen como violencia sexual e as sancións son máis severas, o número de delitos cometidos –dos que se ten constancia- segue sendo moi elevado. A violencia sexual, así como a violencia de xénero en xeral, son un tipo de violencia estrutural e non son casos aillados. O poder punitivo do Estado debe ser a última resposta e non podemos confiar totalmente un cambio social a ese *ius puniendi*. Por iso, se queremos ter unha sociedade máis xusta e humanitaria, tense que comezar desde as escolas para educar en valores de igualdade de xénero e respecto.

En derradeiro lugar, consideramos importante observar, escoitar e analizar o que se está a facer ou propoñer noutras latitudes. Isto pode resultar unha ferramenta útil para trasladar aquí o xerme dunha solución. Países como México ou Colombia están creando protocolos para xulgar con perspectiva de xénero. Estes propoñen unha metodoloxía para investigar, xulgar, identificar e neutralizar os prexuízos que poidan estar naturalizados. Por estes motivos, é imprescindible facer unha revisión das nosas crenzas. Superar o androcentrismo tanto no Dereito coma en todas as ramas do saber e formular un debate cara unha introdución da perspectiva de xénero no axuizamento e valoración das probas.

7. BIBLIOGRAFÍA

- ACALE SÁNCHEZ, María, 2017. El género como factor condicionante de la victimización y de la criminalidad femenina. *Papers*, [en línea], vol. 102, nº 2, pp. 1-30 [consulta o 16.01.2022] ISSN: 2013-9004 Disponible en: <https://doi.org/10.5565/rev/papers.2337>
- ADÁN, Carme 2021. Vivas e libres. *Ideas impresas* nº4. Fundación Galiza Sempre. Depósito legal: C 2023-2021
- ADÁN, Carme, 2018. *Feminicidio: unha nova orde patriarcal en tempos de submisión*, Editorial Galaxia. ISBN:978-84-9151-257-8
- ALCOFF, L., 2019, *Violación y resistencia. Cómo comprender las complejidades de la violación sexual*. Traducido por L. F. LASSAQUE, Prometeo Libros, Buenos Aires.
- ALMAZA TORRES, Dennis José, 2018. Análisis Lógico del Derecho y Pospositivismo – Un Dialogo a partir de las Teorías de Alchourron/ Bulygin y Atienza/Manero. *Seqüência* [en línea], vol. 39, nº 80 [consulta o 29.01.2022] Disponible en: <https://doi.org/10.5007/2177-7055.2018v39n80p31>
- ARAYA NOVOA, Marcela Paz, 2020. Género y verdad. Valoración racional de la prueba en los delitos de violencia patriarcal. *Revista de Estudios de la Justicia* [en línea], nº 32, pp. 35-69 [consulta o 11.11.2021] ISSN 0718-4735 Disponible en: [10.5354/0718-4735.2020.56915](https://doi.org/10.5354/0718-4735.2020.56915)
- BALAGUER, María Luisa, 2005. *Mujer y Constitución. La construcción jurídica del género*, 1ªed., Ediciones Cátedra, Madrid. ISBN: 84-376-2244-1
- BARRÈRE UNZUETA, Maggy, 2021. La Clínica Jurídica y la praxis del iusfeminismo. *Despatriarcalizar el conocimiento. Hariak, recreando la educación emancipadora* [en línea]. Bilbao, Hegoa, vol. 1, nº10, pp. 20-21 [consulta o 29.12.2021] Depósito legal: BI-1805-2016. Disponible en: <https://publicaciones.hegoa.ehu.es/es/publications/448>
- BOLDOVA PASAMAR, Miguel Ángel, 2021. La relatividad legal de la edad de consentimiento sexual de los menores de dieciséis años: regla y excepción. *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología* [en línea] nº23-16, pp. 1-41 [consulta o 24.01.2022]. ISSN: 1695-0194 Disponible en: <http://criminet.ugr.es/recpc/23/recpc23-16.pdf>
- CÁTEDRA DE CULTURA JURÍDICA, 2019, *Yolanda Rueda Soriano: Los estereotipos de género en el proceso penal* [vídeo en línea]. Disponible en <https://www.youtube.com/watch?v=YLphUXTgcyo> [consulta o 27.12.2021]
- CONSEJO GENERAL DE PODER JUDICIAL, 2022. El Observatorio reclama reformar la ley para que los delitos sexuales fuera de la pareja sean violencia de género de acuerdo con el Convenio de Istanbul. Nota de prensa de 24.01.2022. Disponible en: <https://www.poderjudicial.es/cgpj/es/Poder-Judicial/En-Portada/El-Observatorio-reclama-reformar-la-ley-para-que-los-delitos-sexuales-fuera-de-la-pareja-sean-violencia-de-genero--de-acuerdo-con-el-Convenio-de-Estambul>

- CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2021, *Pensarmos. Garbiñe Biurrun A verdade xudicial: necesariamente lonxe da verdadeira verdade? Mentira aceptable?* [vídeo en liña] Disponible en: <http://consellodacultura.gal/persoa.php?id=27661> [consulta o 22.09.2021]
- CRIMENTHINC, 2013. Responsabilizándonos. En: VV.AA. *¿Y qué hacemos con los violadores?* Heura Negra e Descontrol Editorial, pp. 19-24 ISBN:978-84-18283-147
- EQUIS, Justicia para las mujeres, 2017. Metodología para el análisis de las decisiones jurisdiccionales desde la perspectiva de género, México [consulta o 20.08.2021], disponible en: <https://equis.org.mx/metodologia-para-el-analisis-de-las-decisiones-jurisdiccionales-desde-la-perspectiva-de-genero/>
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ DE LIÉVANA, Gemma, 2015. Los Estereotipos de Género en los Procedimientos Judiciales por Violencia de Género: El Papel del Comité CEDAW en la Eliminación de la Discriminación y de la Estereotipación. *Oñati Socio-legal Series* [en liña], vol. 5, nº2, pp: 498-519 [consulta o 19.10.2021] ISSN: 2079-5971 Disponible en: <http://ssrn.com/abstract=2611539>
- FERREIRO BAAMONDE, Xulio, 2005. As oficinas de asistencia ás vítimas (bases para a súa implantación na Comunidade Autónoma de Galicia). *Revista galega de Administración Pública* [en liña], vol. 1, nº39, pp. 211-248 [consulta o 28.12.2021] ISSN-e: 1132-8371 Disponible en: <https://egap.xunta.gal/revistas/REGAP/issue/view/127>
- FISCALÍA XERAL DO ESTADO, 2017. Circular 1/2017, de 6 de xuño, sobre a interpretación do art. 183 quarter do Código Penal. Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?coleccion=fiscalia&id=FIS-C-2017-00001>
- FRANCES, Olsen, 1990. El sexo del derecho. En: KAIRYS, David (ed.), *The Politics of Law*, New York, Pantheon, pp. 452-467. Traducido por SANTORO, Mariela e COURTIS, Christian. Disponible en: <http://www.derechoshumanos.unlp.edu.ar/assets/files/documentos/el-sexo-delderecho.pdf> [consulta o 29.12.2021]
- FRICKER, Miranda, 2017. *Injusticia epistémica. El poder y la ética del conocimiento*. Traducido por GARCÍA PÉREZ, R., Herder Editorial, S.L., Barcelona. ISBN: 978-842-543-927-8
- GABARI GÁMEZ, Alberto 2017. *El Estatuto de la Víctima en el Proceso Penal* [en liña]. Trabajo de fin de estudios. Iruñea: Nafarroako Unibersitate Publikoa [consulta o 05.01.2022] Disponible en: <http://academica-e.unavarra.es/xmlui/bitstream/handle/2454/23801/TFMgabari.pdf?sequence=6>
- GARCÍA PICAZO, Paloma, 2016. Violencia de Género: ¿Qué género de violencia? Tristes tópicos: esas cosas que son como son, ¿cómo son en realidad? En: SAN SEGUNDO MANUEL, Teresa (Dir.) *A vueltas con la violencia*, 1ª ed., Tecnos, Madrid pp. 47-84

- GONZÁLEZ ARIAS, Rosario, 2017. Repensar el mundo desde los costados. *Relación Poder-Saber. Hariak, recreando la educación emancipadora* [en línea]. Bilbao, Hegoa, vol. 1, nº3, pp. 04-10 [consulta o 29.11.2021] Depósito legal: BI-1805-2016. Disponible en: <https://publicaciones.hegoa.ehu.es/es/publications/379>
- INE, 2020. Estadística de Condenados: Adultos/ Estadística de Condenados: Menores (ECA/ECM), publicado o 21.09.2020 [consultado o 27.01.2022]. Disponible en: https://www.ine.es/prensa/ec_am_2019.pdf
- JARAMILLO, Isabel Cristina, 2000. La crítica feminista al derecho, estudio preliminar. *Género y teoría del Derecho*, Bogotá, Siglo de Hombres Editores, Facultad de Derecho de la Universidad de Los Andes, Ediciones Uníandes, pp. 27-66 [consulta o 23.01.2022] Disponible en: <https://www.pensamientopenal.com.ar/doctrina/46462-critica-feminista-al-derecho>
- JERICÓ OJER, Leticia, 2019. Perspectiva de género, violencia sexual y derecho penal. En: PARRILLA VERGARA, Javier (coord.); MONGE FERNÁNDEZ, Antonia (dir.) *Mujer y derecho penal: ¿Necesidad de una reforma desde una perspectiva de género?* Barcelona, J.M. Bosch Editor, pp. 285-337. ISBN 978-84-120770-5-6.
- LOUSADA AROCHENA, José Fernand, 2014. *Fundamentos del derecho a la igualdad de mujeres y hombres*. Tirant lo Blacnh. México D.F. ISBN:978-84-9033
- LOUSADA AROCHENA, José Fernando, 2020. *El enjuiciamiento de género*. Dykinson S.L.Madrid. ISBN: 978-84-1324-519-5
- MARTÍNEZ GARCÍA, Elena, 2021. Justicia e Inteligencia Artificial sin género. En: BARONA VILAR, Silvia (Ed.) *Justicia algorítmica y neuroderecho. Una mirada multidisciplinar*. Valencia, Tirant lo Blanch, pp. 209-228. ISBN: 978-84-1397-201-5
- MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES E IGUALDAD, 2017. Pacto de Estado contra la Violencia de Género. Disponible en: <https://violenciagenero.igualdad.gob.es/pactoEstado/home.htm> [consulta o 26.01.2022]
- MUÑOZ CONDE, Francisco, 2019. Derecho Penal, Parte Especial, 22.ª ed., Tirant lo Blanch, Valencia. ISBN: 978-84-1336-201-4
- NACIONES UNIDAS DERECHOS HUMANOS, Oficina del Alto Comisionado, *Los tribunales españoles deben proteger a los niños y niñas de la violencia y abusos sexuales, dicen los expertos de la ONU*, Ginebra, 9 de diciembre de 2021. [consulta o 13.12.2021] Disponible en: <https://www.ohchr.org/SP/NewsEvents/Pages/DisplayNews.aspx?NewsID=27935&LangID=S>
- NICOLÁS LAZO, Gemma, 2009: Debates en epistemología feminista: del empiricismo y el standpoint a las críticas postmodernas sobre el sujeto y el punto de vista. En NICOLÁS LAZO, Gemma e BODELÓN, Encarna (comps.) *Género y dominación*.

- Críticas feministas del derecho y el poder*, Barcelona, Anthropos, pp. 25-62. ISBN: 978-84-7658-916-8
- NIEVA FENOLL, Jordi, 2010, *La valoración de la prueba*, Marcial Pons, Madrid ISBN: 978-84-9123-136-3
- OMS, 2013. Comprender y abordar la violencia contra las mujeres [consultado o 27.01.2022] Disponible en: https://www.who.int/reproductivehealth/publications/violence/rhr12_37/es/
- ONU Mujeres, 1995, Declaración de Beijing, [consulta o 21.12.2021]. Disponible en: https://www.unwomen.org/-/media/headquarters/attachments/sections/csw/bpa_s_final_web.pdf?la=es&vs=755
- ONU, Comité para a Eliminación da Discriminación Contra a Muller (CEDAW), 1992. Recomendación Xeral Nº 19: A violencia contra a Muller. Disponible en: <https://www.refworld.org/es/docid/5d7fbd535.html> [consulta o 26.01.2022]
- ONU, Comité para a Eliminación da Discriminación Contra a Muller (CEDAW), 2017. Recomendación Xeral Nº 35 sobre a violencia de xénero contra a muller, pola que se actualiza a recomendación xeral Nº 19, CEDAW/C/GC/35, dispoñible en: <https://www.refworld.org/es/docid/5a2192294.html> [consulta o 26.01.2022]
- PARTIDO XUDICIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2022. Protocolo de actuación sobre delitos sexuais para o ámbito xudicial, 24 de xaneiro e 2022. [consultado o 29.01.2022]. Disponible en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/36120>
- PATEMAN, Carol., 1995, *El contrato sexual*, Anthropos, Barcelona ISBN: 84-7658-462-8
- PÉREZ-CRUZ MARTÍN, Agustín, 2020. TEMA 20. La prueba. En: PÉREZ-CRUZ MARTÍN, Agustín (coord.) *Derecho Procesal Penal*. Tirant lo Blanch, Valencia. pp. 487-512 ISBN: 9788413555478
- PISCITELLI, Adriana, 2007. Corporalidade em confronto. Brasileiras na industria do sexo na Espanha. *Revista Brasileira de Ciências Sociais* [en liña], vol. 22, nº 64, pp 17-32 [consulta o 23.12.2021] ISSN 0102-6909. Disponible en: <https://www.scielo.br/j/rbcsoc/a/RXL4cjNgJr4kgmzwBJdXj4f/abstract/?lang=pt>
- RAMÍREZ ORTIZ, José Luis, 2019. *Perspectiva de género, prueba y proceso penal: Una reflexión crítica*. 1ª ed. Tirant lo Blanch, Valencia. ISBN 978-84-1313-983-8
- RENAUD, María Carolina, 2021. Reflexiones sobre la falta de perspectiva de género en el proceso penal argentino. *Revista de la Escuela del Cuerpo de Abogados del Estado* [en liña]. Buenos Aires, Argentina. Procuración del Tesoro Argentina. Año 5 nº6, pp. 73-93 [consulta o 15.12.2021]. ISSN 2718-7187. Disponible en: <https://www.argentina.gob.ar/noticias/revista-de-la-ecae-ndeg6>

- RODRÍGUEZ ORTIZ, Victoria, 1997, *Historia de la violación: su regulación jurídica hasta fines de la Edad Media*, Consejería de Educación y Cultura, Madrid, disponible en <http://www.madrid.org/bvirtual/BVCM000716.pdf> I.S.B.N.: 84-451-1372-0 [consulta o 20.09.2021]
- RUEDA SORIANO, Yolanda, 2018. Los estereotipos de género en el proceso penal. *Revista Juezas y Jueces para la Democracia*, Boletín Comisión Penal [en línea], vol. 1, nº 10, pp. 12-20 [consulta o 30.11.2021] Disponible en: <http://www.juecesdemocracia.es/2018/12/03/boletin-penal-numero-10-monografico-perspectiva-genero-proceso-penal-volumen-i-2018/>
- SUBIJANA ZUNZUNEGUI, Ignacio José, 2018. La perspectiva de género en el enjuiciamiento de los delitos de violencia del hombre sobre la mujer. *Revista Juezas y Jueces para la Democracia*, Boletín Comisión Penal [en línea], vol. 1, nº 10, pp. 27-39 [consulta o 30.11.2021] Disponible en: <http://www.juecesdemocracia.es/2018/12/03/boletin-penal-numero-10-monografico-perspectiva-genero-proceso-penal-volumen-i-2018/>
- SUPREMA CORTE DE JUSTICIA DE LA NACIÓN, 2015. Protocolo para juzgar con perspectiva de género. Haciendo realidad el derecho a la igualdad. 2ª edición. México. [consultado o 22.01.2022] Disponible en: https://www.scjn.gob.mx/registro/sites/default/files/page/2020-02/protocolo_perspectiva_genero.pdf
- TARDÓN RECIO, Bárbara, 2017, *La violencia sexual: desarrollos feministas, mitos y respuestas normativas globales*, Tesis doctoral por la Universidad Autónoma de Madrid, Madrid, disponible en https://repositorio.uam.es/bitstream/handle/10486/680682/tardon_recio_barbara.pdf?sequence=1&isAllowed=y [consulta o 31.12.2021]
- TORRADO TARRÍO, Cristina, 2013. Violencia doméstica *versus* violencia de género: transitando por el universo psico-jurídico. En: CASTILLEJO MANZANARES, Raquel (dir.) e ALONSO SALGADO, Cristina (coord.). *Violencia de género y Justicia*. Santiago de Compostela: Universidade Santiago de Compostela, Campus Vida, pp: 67-88 ISBN: 978-84-15876-01-4

ANEXO NORMATIVO

- Instrumento de Ratificación de 16 de decembro de 1983 da Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, feita en Nova York o 18 de decembro de 1979. *BOE* núm 69, de 21 de marzo de 1984, p. 7715 (<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1984-6749>)
- Instrumento de ratificación do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Istambul o 11 de maio de 2011. *BOE* núm 137, de 6 de xuño, de 2014, p. 42946 (ELI: [https://www.boe.es/eli/es/ai/2011/05/11/\(1\)](https://www.boe.es/eli/es/ai/2011/05/11/(1)))
- Real Decreto de 14 de setembro de 1882 polo que se aproba a Lei de Axuizamento Criminal. *Gazeta de Madrid* núm 260, de 17 de setembro de 1882 (ELI: [https://www.boe.es/eli/es/rd/1882/09/14/\(1\)/con](https://www.boe.es/eli/es/rd/1882/09/14/(1)/con))
- Lei 35/1995, de 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual. *BOE* núm 296, de 12 de decembro de 1995, p. 35576 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/l/1995/12/11/35>)
- Lei Orgánica 3/1989, de 21 de xuño, de actualización do Código Penal. *BOE* núm, 148, 22 de xuño de 1989, p. 19351 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/lo/1989/06/21/3>)
- Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal. *BOE* núm. 28,1 24 de novembro de 1995, p. 33987 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/lo/1995/11/23/10/con>)
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral Contra a Violencia de Xénero. *BOE* núm 313, de 29 decembro de 2004 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2004/12/28/1/con>)
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. *BOE* núm 71, de 23 d marzo de 2007 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2007/03/22/3/con>)
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. *DOG* núm 152, de 7 de agosto de 2007, p. 13382 (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2007/20070807/Anuncio2D48A_gl.html)
- Lei Orgánica 5/2010, de 22 de xuño, por a que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, del Código Penal. *BOE* núm 152, 23 de xuño de 2010, p. 54811 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2010/06/22/5>)
- Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, por a que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, del Código Penal. *BOE* núm. 77, de 31 de marzo de 2015, p. 27061 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2015/03/30/1>)
- Lei 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito. *BOE* núm 101, de 28 de abril de 2015 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/l/2015/04/27/4/con>)

Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia. *BOE* núm. 134, de 5 de xuño de 2021 (ELI: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2021/06/04/8/con>)

ANEXO XURISPRUDENCIAL

Tribunal Constitucional

Tribunal Constitucional. Sentenza núm 120/2009, de 18 de maio (ECLI:ES:TC:2009:120)

Tribunal Supremo

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm. 5710/1998, de 7 de outubro (ECLI:ES:TS:1998:5710)

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm.. 1118/1999 de 9 de xullo (ECLI:ES:TS:1999:4930)

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm. 2002/2000, de 13 de marzo (ECLI:ES:TS:2000:2002)

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm. 6184/2007 , de 13 de setembro (ECLI: ES:TS:2007:6184) 737/2007

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm.349/2012, de 26 de abril (ECLI: ES:TS:2012:3442)

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm. 97/2015, de 24 de febreiro (ECLI:ES:TS:2015:823)

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm. 711/2015, de 19 de novembro (ECLI:ES:TS:2015:4818)

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm. 12/2016, de 21 de xaneiro (ECLI:ES:TS:2016:12)

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm. 608/2016, de 7 de xullo (ECLI:ES:TS:2016:3332)

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm. 680/2016, de 26 de xullo (ECLI:ES:TS:2016:3892)

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm. 262/2017, , de 7 de abril (ECLI:ES:TS:2017:1564)

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm. 184/2019, de 2 de abril (ECLI:ES:TS:2019:1071)

Tribunal Supremo (Sala do Penal, Sección 1ª). Sentenza núm. 828/2021, de 29 de outubro (ECLI:ES:TS:2021:4007)

Tribunal Superior de Xustiza

Tribunal Superior de Xustiza de Valencia (Sala do Civil e do Penal). Sentenza 156/2019, de 24 de outubro (ECLI:ES:TSJCV:2019:7589)

Audiencia Provincial de Navarra

Audiencia Provincial de Navarra (Sección 2ª). Sentenza núm. 38/2018, de 20 de marzo (ECLI:ES:APNA:2018:86)